Neste sentido, o incremento poboacional previsíbel para ambos os dous concellos citados leva a pensar a necesidade de atender tamén o incremento da demanda nunha poboación con patoloxías crónico dexenerativas, tanto pola suma de poboación doutros concellos como polo progresivo avellentamento das amplas franxas medias. Dunha banda, este tipo de patoloxías crónico dexenerativas son unhas grandes consumidoras de recursos en tempo de profesionais. Doutra banda, a situación de predominio de estratos medios na pirámide de poboación tamén indica a alta posibilidade de incremento da poboación pediátrica que tamén é consumidora de tempo dos profesionais sanitarios.

A estas consideracións cómpre engadir que o concello de Toén presenta unha pirámide poboacional basicamente invertida coa importancia que iso ten en sanidade para determinar e prever o consumo de recursos, e a máis que probábel dificultade para o acceso ao sistema sanitario de urxencias da capa de poboación mais envellecida, e por tanto a incapacidade para garantir a equidade no acceso.

Por todas estas cuestións, co fin de garantir o acceso en igualdade de condicións ao sistema sanitario público de urxencias da poboación de maior idade destes concellos, de estar en situación de dar cobertura aos retos que implican as pirámides poboacionais

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:41
Nº Rexistro: 20773
Data envío: 27/11/2017 13:41:39.784

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

descritas, satisfacer as demandas da cidadanía, e de incentivar a fixación de poboación nova e en idade de se reproducir, así como a necesidade de estar tamén preparados para o futuro que a demografía nos presenta, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera importante reorganizar o mapa sanitario conforme se describiu

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a crear un Punto de Atención Continuada que dea cobertura específica aos concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén."

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:41
Nº Rexistro: 20773
Data envio: 27/11/2017 13:41:39.784

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 13:40:48

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 13:40:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 13:41:02

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 13:41:09

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 13:41:13

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 13:41:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:01
Nº Rexistro: 20798
Data envío: 27/11/2017 17:01:02.951

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Álvarez Martínez, e das súas deputadas, María Concepción Burgo López e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Partido dos Socialistas de Galicia

A planificación da oferta educativa das ensinanzas postobrigatorias debe atender a varios obxectivos, entre eles, potenciar as oportunidades de formación do alumnado e contribuír ao desenvolvemento social e económico da sociedade.

Non é menos certo que esa planificación se debe realizar con criterios obxectivos, tras a análise oportuna, pero tamén considerando sempre que a formación das persoas sempre trae consigo melloras, tanto persoais como sociais.

Aínda que este grupo parlamentario ten tentado en varias ocasións que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estableza criterios obxectivos, froito do consenso parlamentario, para deseñar unha rede de centros para o futuro do noso país, sempre obtivemos a mesma resposta: non.

Por ese motivo, consideramos moi procedente presentar iniciativas neste caso relacionadas coa oferta educativa do IES de Melide.

Este centro educativo conta coas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos de grao básico e medio de carpintaría e moble.

Considera este grupo parlamentario que sería necesario incrementar a oferta educativa incluíndo o ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes, regulado no Decreto 27/2010, polas seguintes razóns:

1. A comarca Terra de Melide presenta, dende o punto de vista da natalidade, unha situación estable, como se pode comprobar empregando os datos do Instituto Galego de Estatística sobre nacementos, que son os seguintes:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Ano	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Nacementos	70	80	93	78	86	76	65	79	86	76	62	71	66	71	69	70	79

2. O informe sobre a ocupación laboral do alumnado de Formación Profesional que rematou a Formación en Centros de Traballo no ano 2015 (último dispoñible), apunta varias conclusións moi interesantes sobre o alumnado desta familia profesional de informática e comunicacións:

    a) A cantidade de alumnos/as que traballan na mesma empresa na que realizaron as prácticas é unha das máis altas (40,4 %).

    b) Dos alumnos ocupados actualmente, o 78 % traballan en postos que consideran relacionados co seu ciclo; unha das porcentaxes máis altas de entre as distintas ramas profesionais.

3. A oferta deste ciclo formativo máis próxima dentro da provincia da Coruña atópase no IES de Curtis (a 30 km aproximadamente).

4. Os espazos necesarios para implantar este ciclo formativo, establecidos no mencionado Decreto 27/2010 son os seguintes, para 30 alumnos:

    a) Aula polivalente de 60 m^2
    b) Aula técnica de 60 m^2
    c) Taller de instalación e reparación de equipamentos informáticos de 120 m^2 que entendemos que se poden habilitar no centro, máxime tendo en conta as correspondentes porcentaxes de utilización destes espazos que permiten o seu uso compartido con outras ensinanzas, cando menos da aula polivalente.

5. A posibilidade de completar a oferta no futuro, tanto con formación profesional de grao básico como superior.

Sobre a base das anteriores consideracións o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:01
Nº Rexistro: 20798
Data envio: 27/11/2017 17:01:02.951

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a implantar no curso 2018/2019 as ensinanzas correspondentes ao ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes IES de Melide.

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/11/2017 16:56:16

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/11/2017 16:56:29

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/11/2017 16:56:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2017 16:56:48

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:42
Nº Rexistro: 20810
Data envío: 27/11/2017 17:42:42.998

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O Ministerio de Fomento vén de autorizar unha suba extraordinaria das peaxes para o ano 2018 a AUDASA, na AP-9, dun 3,1% durante os próximos 3 anos.

En febreiro de 2017 AUDASA presentaba un recurso contencioso-administrativo contra a Orde de tarifas do Ministerio de Fomento de 23 de decembro de 2016, por, segundo a empresa, non contemplar nela a procedente actualización extraordinaria de tarifas á que se refire o convenio aprobado por Real Decreto 104/201 3, de 18 de febreiro. A Orde de Fomento traducíase nunha rebaixa dun 0,37% nas peaxes na AP9 para 2017.

Descoñecemos si o anuncio de Fomento vén derivado dun acordo extraxudicial coa empresa e descoñecemos en base a que cálculo se fixa esa suba por riba do IPC. O certo é que a AP-9 segue a ser un exemplo da privatización dos beneficios e socialización das perdas practicada polo Partido Popular, neste caso, en beneficio de AUDASA.

A AP-9 segue a estar na cabeza das reclamacións dos usuarios, á cola en empregados por km, e á cabeza en beneficios que se converten en reparto millonario de dividendos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:42
Nº Rexistro: 20810
Data envío: 27/11/2017 17:42:42.998

No ano 2016 AUDASA repartiu 45 millóns de euros de dividendos, practicamente 1 de cada 3 euros do que recada por peaxes.

Incluso, coa lixeirísima rebaixa decretada para 2017, no primeiro trimestre a cifra de negocio medrou un 3,5%, o resultado de explotación un 8% e o beneficio líquido un 11,9%.

Un negocio redondo á conta de galegos e galegas.

Con estes datos a suba que se propón é un insulto á cidadanía e é por iso que queremos coñecer cal está a ser a actuación do Goberno galego diante desta decisión.

Diante desta situación de espectaculares beneficios a costa de que os usuarios e usuarias paguen cada vez máis por un servizo deficiente, resúltanos estraño que a Xunta de Galicia se negue a facer un estudo sobre a viabilidade do rescate da AP-9 para o público, xa que cando menos intúese marxe para que ese rescate sexa unha boa operación para o interese xeral e deixe de ser un enorme negocio só para AUDASA.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1) Esixir ao Goberno español a deixar sen efecto o acordo con AUDASA de subida de tarifas nas peaxes da AP9 para o ano 2018 e os dous seguintes.

2) Que no prazo de 3 meses elabore un estudo da viabilidade do rescate da AP-9 para o público, contemplando o seu custe económico, o seu impacto tarifario para o público e as alternativas para o seu financiamento.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:42
Nº Rexistro: 20810
Data envio: 27/11/2017 17:42:42.998

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García, Voceiro S. do G.P. de En Marea

Asdo.: Marcos Cal Ogando, Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/11/2017 17:41:24

Marcos Cal Ogando na data 27/11/2017 17:41:30

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:00
Nº Rexistro: 20820
Data envío: 27/11/2017 18:00:15.967

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos anos as consecuencias dramáticas de diferentes calotes bancarios derivaron en que a partir da mobilización dos colectivos sociais, sindicais e políticos as administracións e diferentes autoridades pularan por cambios normativos. Diante da mala praxe na colocación de produtos ás persoas consumidoras, tamén as autoridades europeas, en concreto a autoridade de mercados europea, a ESMA, puxo en marcha a Directiva 2014/65/UE coñecida coma MIFID II e os diversos regulamentos derivados, que debían ser adaptados á lexislación de cada estado. En concreto, no Estado Español, correspondería á CNMV esta transposición.

En repetidas ocasións, este Grupo Parlamentar ten denunciado que a falta de control sobre a banca na venda de produtos financeiros pode provocar novas estafas colectivas e que polo tanto era preciso exercer cunha maior ambición e recursos as competencias exclusivas en consumo que recolle o Estatuto de

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:00
Nº Rexistro: 20820
Data envío: 27/11/2017 18:00:15.967

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Autonomía de Galiza no seu artigo 30.I.4, outorgando as competencias sobre comercio interior e defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre defensa da competencia. Máis aínda, o BNG alertou dos riscos que estaban a darse xa non só desde a perspectiva das persoas consumidoras, senón tamén dos e das traballadores sobre os que cada vez paira maior responsabilidade baleirando desta ás entidades financeiras.

A comezos de 2017, o BNG pediu tamén que o Parlamento demandara á Xunta de Galiza levar a cabo as actuacións precisas de cara a solicitar que a CNMV trasladara canto antes a normativa comunitaria de protección dos e das usuarias de banca ante a comercialización dos produtos financeiros, e que esa adaptación se producira coa negociación da representación dos cadros de persoal. Doutra banda, as e os nacionalistas insistimos sempre na necesidade de non responsabilizar ás e aos traballadores de cuestións que deben depender das entidades bancarias e das entidades públicas, como é o referido ás valoracións de risco, sen entrar en posíbeis conflitos de interese e consecuencias mesmo penais para traballadores e traballadoras que reciben en moitos casos presións para as vendas e cuxas condicións de traballo teñen empeorado. Así mesmo, insistimos sempre na importancia da formación e da regulación desta, que debe ter o seu peso en institucións públicas.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos alarmante que a CNMV non teña considerado que nin unha soa titulación das impartidas dentro do Sistema Universitario Galego teña validez de cara á formación de persoal para as funcións de venda dos produtos financeiros, máis aínda cando se trata dunha tarefa que ocupa a maioría das e dos traballadores de

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:00
Nº Rexistro: 20820
Data envío: 27/11/2017 18:00:15.967

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cada entidade. As e os nacionalistas consideramos fóra de toda lóxica que se exclúan as titulacións universitarias impartidas que teñen relación coa materia e tamén outras formacións profesionais e que se limite a unhas certificacións recentemente publicadas que non obedecen aos criterios de adaptación ás novas normas nin de apostar pola formación desde os sistemas públicos. Consideramos, polo tanto, que estamos diante dun agravio para co Sistema Universitario Galego, as competencias galegas de ensino e a protección dos cadros de persoal e das persoas consumidoras, pois afóndase no desleixo canto á formación mesmo derivándoa nalgún caso a entidades con poucas garantías.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Elaborar, en colaboración coa comunidade educativa galega, as organizacións sociais e os organismos oportunos, un informe comparado dos requisitos estabelecidos pola Directiva 2014/65/UE e as competencias contempladas nos plans de estudo das formacións galegas susceptíbeis de habilitar para o seu desenvolvemento.

2. Dirixirse á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) para demandar unha revisión da listaxe de títulos e certificados que cumpren coas esixencias da MIFID II de cara á validación das titulacións universitarias impartidas no Sistema Universitario Galego que habilitan para tales funcións,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:00
Nº Rexistro: 20820
Data envío: 27/11/2017 18:00:15.967

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especialmente as do ámbito económico, así como as formacións profesionais realizadas ao abeiro da lexislación galega, estatal e europea pertinentes.

3. Estudar accións legais a respecto do ámbito da Guía Técnica 4/2017 para a avaliación dos coñecementos e competencias do persoal que informa e que asesora elaborada pola CNMV e aprobada o 27 de xuño de 2017 polo seu Consello Consultivo.

4. Demandar da CNMV a non aplicación das medidas e criterios recollidos na Guía Técnica nas súas actividades de supervisión a partir de xaneiro de 2018 en canto non se revisen as cuestións referidas."

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:00
Nº Rexistro: 20820
Data envio: 27/11/2017 18:00:15.967

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 17:32:24

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 17:32:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 17:32:30

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 17:32:33

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 17:32:36

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 17:32:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:20
Nº Rexistro: 20825
Data envío: 27/11/2017 18:20:35.686

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Formar en materia de xénero e de prevención da violencia machista especialmente entre o profesorado responsábel da educación das novas xeracións no ensino regrado é fundamental para avanzar colectivamente. Neste sentido, xa a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero facía mención á poboación xuvenil e á importancia do ensino. De feito, no artigo 14 recolle "As administracións educativas e universidades, no ámbito das súas competencias, asegurarán que na totalidade dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios en disciplinas que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero se incorporen contidos relacionados coa comprensión desta violencia, dirixidos á capacitación para a prevención, detección precoz, intervención e/ou apoio ás mulleres que a sofren."

Por responsabilidade, tanto coas vítimas e potenciais vítimas, co conxunto sociedade como co propio profesorado é preciso esixir pero tamén facilitar elementos capacitadores para tal función. Neste sentido, débese garantir e mellorar a formación e

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:20
Nº Rexistro: 20825
Data envío: 27/11/2017 18:20:35.686

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacitación do persoal docente, a comezar por aquelas persoas que están na súa formación inicial.

Desde o curso 2009-2010 impártese o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, requisito imprescindíbel para que calquera persoa poida optar á función docente na Secundaria e Formación Profesional. Polo tanto, é unha formación específica que debera incorporar contidos referentes á prevención, identificación, detección e intervención en situacións de violencia machista.

Neste sentido, a raíz dunha Proposición non de lei debatida no Pleno do Parlamento Galego o día 21 de novembro de 2017 o día 22 a Cámara acordou por unanimidade o seguinte acordo "O Parlamento de Galiza insta á Xunta a, desde o respecto á autonomía universitaria, propor ás universidades galegas a modificación dos actuais plans de estudos do Máster Universitario en Profesorado para a incorporación unha materia específica sobre a atención e a prevención de violencia de xénero de cara a reforzar os contidos que deben impartirse na actualidade de xeito transversal e seguir propiciando a adquisición de competencias das e dos futuros docentes para afrontar a transmisión de valores que fomenten a igualdade e a convivencia nas aulas; así como a resolución de conflitos."

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a elaborar un estudo diagnóstico da formación do profesorado galego en materia de igualdade, xénero e prevención e actuación diante da violencia machista no prazo de 6 meses e levar as súas

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:20
Nº Rexistro: 20825
Data envío: 27/11/2017 18:20:35.686

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conclusións ao propio Parlamento, ao Consello Escolar de Galiza e aos colectivos estudantís, colectivos profesionais de ensinantes así como ás asociacións de pais e nais de cara a estabelecer liñas de actuación concretas para os próximos 3 anos."

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 18:19:39

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 18:19:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 18:19:47

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:20
Nº Rexistro: 20825
Data envío: 27/11/2017 18:20:35.686

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 18:19:50

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 18:19:53

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 18:19:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20837
Data envio: 27/11/2017 18:29:44.576

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Regulamento da Unión Europea 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre a Política Pesqueira Común, no seu artigo, 3, letra k) establece dentro dos principios de boa gobernanza da política pesqueira o criterio de transparencia no tratamento de datos de conformidade con os requisitos legais vixentes, respectando debidamente a vida privada, a protección de datos de carácter persoal e as normas de confidencialidade; a dispoñibilidade dos datos para os organismos científicos adecuados, outros organismos con intereses científicos ou de xestión, e outros usuarios finais concretos.

As autoridades públicas están obrigadas pola Lei 27/2006 a levar a cabo a difusión da información ambiental da maneira máis activa e sistemática posible. De feito, teñen a obriga de difundir unha información mínima, entre aqueles datos ou resumos de datos derivados do seguimento das actividades que afecten ou poidan afectar ao medio ambiente. Así, as autoridades estatais e autonómicas están obrigadas a promover unha maior accesibilidade os datos sobre o control e a execución da normativa pesqueira en España, sen máis limitacións que as excepcións previstas no artigo 4.4 do Convenio de Aarhus e no artigo 13.2 da Lei 27/2006.

O Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente, vén de facer público o seu informe "O Control e a Execución da Política Pesqueira en España Informe Final 26/07/2017". Nese informe establécese que como consecuencia da ausencia de datos publicamente dispoñibles sobre a aplicación do sistema de control de pesca en Galicia, foi necesario presentar unha solicitude de acceso á información ante a Consellería do Mar, da que depende a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia. E que esta unicamente facilitou o acceso parcial da información. Os datos non facilitados refírense á descrición dos tipos infractores de pesca máis comúns detectados no ámbito autonómico, así como os datos sobre

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20837
Data envio: 27/11/2017 18:29:44.576

procedementos sancionadores tramitados e a contía total das sancións administrativas impostas.

O informe tamén indica que o Goberno galego non realizou o correspondente informe final de resultados relativo ao seu programa autonómico de control da trazabilidade dos produtos da pesca e a acuicultura. E polo tanto, imposibilita coñecer se se compren os requisitos de trazabilidade da UE ao longo da súa cadea de comercialización de produtos pesqueiros.

Faise preciso pois cumprir coas indicacións da UE, e aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre as inspeccións e infraccións en materia de pesca, e facilitar un acceso eficaz os datos sobre as sancións administrativas impostas por infraccións á normativa pesqueiras tanto a nivel estatal como autonómico. Ademais promover a publicación de informes anuais a nivel autonómico, incluíndo datos sobre o control e o cumprimento da normativa pesqueira. Aumentar a conciencia política e a vontade das autoridades públicas españolas para levar a cabo unha correcta aplicación das disposicións do Convenio de Aarhus en materia de acceso á información ambiental. Aumentar e mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes que participan no control e execución da normativa de pesca, tanto a nivel nacional como autonómico. As autoridades públicas deben ter coñecemento da achega do funcionamento real do sistema de control e execución da política pesqueira en España, sendo capaces de identificar tanto os logros como as limitacións existentes á hora de aplicar as normas da PPC e os seus regulamentos de control.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a elaborar e presentar no Parlamento de Galicia, nun prazo máximo de 3 meses, un plan de acción para aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre as inspeccións e infraccións en materia de pesca e facilitar un acceso eficaz aos datos co fin de:

1º) Aumentar e mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes que participan no control e execución da normativa de pesca tanto a nivel nacional como das CC. AA.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20837
Data envío: 27/11/2017 18:29:44.576

2º) Promover a publicación de informes anuais a nivel autonómico, incluíndo datos sobre o control e o cumprimento da normativa pesqueira.

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 27/11/2017 18:24:24

Julio Torrado Quintela na data 27/11/2017 18:24:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2017 18:24:42

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20838
Data envio: 27/11/2017 18:29:50.030

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea,** por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Pleno,** relativa á poxa na que se acha un dos principais xacementos arqueolóxicos de Galicia: O asentamento de Pena Grande Bordelle, Santaballa, Vilalba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Hacienda e Función Pública saca a poxa para o 15 de decembro unha serie de bens e leiras. Entre outras, unha parcela de algo máis de tres hectáreas e media de superficie, por 7.785,66 €. Nela áchase un dos principais xacementos arqueolóxicos de Galicia. Terá lugar nas dependencias da Delegación de Economía e Facenda de Lugo e poderanse presentar ofertas ata o día 11.

En concreto, os datos técnicos do que se vai a someter a poxa son:

Lote 25- Parcela 146 do polígono 1, paraxe Detrás da Pena Grande, da zona de concentración parcelaria de Santabaia, municipio de Villalba. Referencia catastral 27065C001001460000WE. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Villalba, ao tomo 554, libro 262, folio 179, leira 29508, inscripción 1ª. Linderos: ao Norte, coa parcela 143; ao Sur, coa 147; ao Leste, con camiño e ao Oeste, coa parcelas 144 e 145. Nesta leira existen dous xacementos arqueolóxicos. Superficie 35.512 m², tipo de licitación 7.785,66 €. Expediente 2017 027 00078 (1ª poxa).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20838
Data envio: 27/11/2017 18:29:50.030

Por certo, aproveitamos para demandar que se escriba correctamente a denominación do topónimo: é Vilalba e non o termo manipulado de "Villalba".

O asentamento de Pena Grande Bordelle, Santaballa, Vilalba, foi descuberto e escavado por D. José Ramil Soneira a finais da década dos sesenta do século XX. Constitúe un dos xacementos do Paleolítico superior, Magdaleniense, máis importante de Galicia polos estudios alí realizados e pola cantidade e calidade dos restos atopados.

As máis de dúas mil pezas líticas recuperadas, realizadas sobre seixo, cristal de rocha, sílex ou seixo porfídico, permítennos coñecer á xente que habitaba esta zona de Galicia hai máis de 13.000 anos. Detrás dos "útiles tipo" localizados, máis de douscentos, están as persoas que os tallaron usando unicamente as súas mans e os medios que lles daba a natureza.
Crearon laminiñas para cortar ou cazar; burís para labrar o óso, a madeira ou pedra; raspadeiras que acondicionaban as peles. Centos de elementos con información importante sobre como viviamos e como eramos milenios atrás.

Moitas destas pezas poden verse no Museo Provincial de Lugo e no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba. Pero o abrigo de Pena Grande e a súa contorna aínda conservan moitos outros materiais que poden poñerse en perigo se se realizan obras ou remocións na súa contorna.

Pena Grande é ademais un Ben Catalogado, e como tal protexido pola nosa lexislación. É un xacemento crave para a comprensión dos cambios ambientais que desembocan na actual fase climática, así como para estudar as transformacións culturais previas á adopción da vida campesiña.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20838
Data envío: 27/11/2017 18:29:50.030

Na mesma parcela atópase o Petróglifo de Pena Grande, posiblemente da Idade do Bronce, que ten a consideración de Ben de Interese Cultural xenérico. A composición está formada por un gravado principal que desenvolve dúas espirais que están unidas por un trazo curvo. Tamén existe un motivo cruciforme de realización máis basta e máis recente.

Contamos cun importante e rico patrimonio cultural. Lamentabelmente, observamos como día a día este patrimonio se vai destruíndo impunemente en toda Galicia. Lamentamos as constantes agresións que sofre o noso patrimonio natural, paisaxístico e cultural.

Conscientes da importancia que ten a conservación do patrimonio material e inmaterial, parécenos gravísima e incomprensible esta poxa.

Máis tendo en conta que durante os traballos de concentración si se tivo a sensibilidade patrimonial necesaria como para colocar este elemento nunha posición que permitise a súa conservación baixo a tutela da administración, esperamos tamén que haxa sensibilidade actual.

Segundo as noticias que transcenderon en prensa, parece ser que a razón da venda nun proceso de poxa é puramente economicista e obvia por completo o valor patrimonial e cultural da superficie mencionada. Sinálase que esta superficie pasou a disposición dun descoñecido. É dicir, habería unha agrupación de propietarios non coñecidos. Transcorridos varios anos desde o remate da reparcelación, e se ninguén reclama a propiedade, esa superficie pasa a disposición pública. Momento no que a administración, xa fora a autonómica ou a municipal, debería facerse cargo dos terreos para garantir a conservación dos xacementos arqueolóxicos que alberga.

O Ministerio de Facenda decidiu poñer o devandito terreo á venda sen ter en conta que no lugar se atopa un conxunto arqueolóxico de enorme valor, o que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20838
Data envío: 27/11/2017 18:29:50.030

indica a falla de información, transparencia e coñecemento do que se pon en proceso de poxa desde a Administración pública. Chama poderosamente a atención este modo de proceder, do mesmo xeito que resulta rechamante que desde a delegación de Facenda de Lugo non se aporte información respecto diso ou que previamente non se realice unha visita ás parcelas ou terreos que se poñen en poxa. Cremos que sería o idóneo para non atoparnos con sorpresas como a aludida.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego, a través da Consellería de Educación, Cultura, e Ordenación Universitaria, a:

1. Coñecer por que razón decidiu o Ministerio de Facenda poñer a poxa a parcela: Lote 25- Parcela 146 do polígono 1, paraxe Detrás da Pena Grande, da zona de concentración parcelaria de Santaballa, municipio de Vilalba.
Referencia catastral 27065C001001460000WE. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Vilalba, ao tomo 554, libro 262, folio 179, leira 29508, inscripción 1ª. Lindeiros: ao Norte, coa parcela 143; ao Sur, coa 147; ao Leste, con camiño e ao Oeste, coa parcelas 144 e 145. Nesta leira existen dous xacementos arqueolóxicos. Superficie 35.512 m², tipo de licitación 7.785,66 €. Expediente 2017 027 00078 (1ª poxa).

2. Preguntar se sabe o Ministerio de Facenda que neses terreos se atopa o xacemento arqueolóxico de Pena Grande situado na parroquia de Santaballa no municipio de Vilalba. Un dos principais xacementos arqueolóxicos do período magdaleniense en Galicia que pertence ao paleolítico, onde se atoparon numerosas pezas de gran valor patrimonial.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20838
Data envío: 27/11/2017 18:29:50.030

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3. Evitar con urxencia que o Ministerio de Facenda decida levar a poxa do próximo 15 de decembro na Delegación de Facenda de Lugo o conxunto de Pena Grande.

4. Acadar o compromiso para que o Ministerio ceda eses terreos gratuitamente á Xunta de Galicia ou ao concello de Vilalba para poñelos en valor desde un punto de vista do patrimonio cultural e histórico.

5. Comprobar, a partir deste caso, se existen outros xacementos arqueolóxicos na mesma situación que Pena Grande, para evitar futuras destrucións.

6. Cumprir a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Artigo 1 (2). E Artigo 2 (1).

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda, Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez, Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/11/2017 18:28:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20838
Data envío: 27/11/2017 18:29:50.030

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luca Chao Pérez na data 27/11/2017 18:28:37

Luis Villares Naveira na data 27/11/2017 18:28:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20844
Data envío: 27/11/2017 18:56:26.295

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O DOGA do 10 de febreiro de 2014, mediante resolución do 15 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, declarou a presenza do organismo de corentena Epitrix spp (pulguiña da pataca), e estableceu as zonas demarcadas e as medidas fitosanitarias para o seu control.

O DOGA do 11 de marzo de 2016, mediante resolución amplía as zonas demarcadas por presenza da praga "pulguiña da pataca", zonas que se ampliaron como zonas demarcadas pola existencia da praga mediante resolución publicada no DOGA o 22 de novembro de 2017 dentro do territorio da comunidade, acadando

1.- Todo o territorio incluído nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra,

2.- Todo o territorio dos seguintes concellos na provincia de Ourense: Amoeiro, Arnoia, Avión, Barbadás, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Coles, Cortegada, Esgos, O Irixo, Leiro, Maside, Melón, A Merca, Nogueira de Ramuín, Ourense, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Piñor, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Taboadela, Toén e Vilamarín, e as áreas incluída nun raio de 500 metros arredor de diferentes parcelas localizadas na provincia de Ourense.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20844
Data envío: 27/11/2017 18:56:26.295

Con esta expansión o territorio queda practicamente colonizado pola pulguiña da pataca. As medidas establecidas na Resolución do 15 de xaneiro do 2014 non foron suficientes ou ben non se executaron de xeito que impedisen a expansión de dito organismo de corentena.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Adoptar medidas para a erradicación de dita praga coas medidas oportunas.

2.- Presentar un informe sobre a execución das medidas que se presentará ante o Parlamento.

3.- Consultar a profesionais e expertos para a fabricación de produtos fitosanitarios que reduzan ou impidan a expansión de dita praga.

4.- Adoptar as medidas necesarias para que as persoas consumidoras e tamén as produtoras non reciban un impacto económico severo, establecendo as axudas que en cada caso considere precisas na loita contra esta e tamén na loita contra a polilla guatemalteca que afecta de xeito exclusivo a este tubérculo.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20844
Data envío: 27/11/2017 18:56:26.295

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 27/11/2017 14:28:57

Paula Quinteiro Araújo na data 27/11/2017 14:29:07

Luis Villares Naveira na data 27/11/2017 14:29:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20846
Data envio: 27/11/2017 19:23:51.951

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López** e do seu deputado **Luis Álvarez Martínez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de motivos

Hai uns días, os medios de comunicación salientaron o anuncio para a inminente poxa pública dos terreos (polígono I, parcela 146) nos que se sitúan o xacemento arqueolóxico da Pena Grande, na parroquia de Santaballa, concello de Vilalba. Ditos terreos, forman parte do inventario de bens do Estado no expediente 2013/724/27/027/00001088 e correspóndense con terreos declarados no seu día de titularidade descoñecida. A poxa está fixada para o día 15 de decembro.

En dito terreo atópase un petróglifo catalogado como BIC e un xacemento paleolítico catalogado o da Pena Grande, un asentamento temporal de cazadores nómadas ocupado, segundo os restos atopados, en torno ao 14.000 a. C. e durante moito tempo xa que 8.000. anos mais tarde aínda era habitado. Neste xacemento téñense atopados milleiros de elementos de interese arqueolóxico como pezas de sílex, restos de útiles de caza e útiles de transformación como utensilios para cortar carne o traballar a madeira e os especialistas sinalan a necesidade de continuar cas investigacións, xa que constitúe un dos principais xacementos galegos para a comprensión dos cambios ambientais e culturais ata a adopción da vida campesiña polos poboadores do noso territorio.

É xa a terceira vez que se leva a cabo un procedemento de poxa sen que ningunha administración pública manifestara ningún interese en paralo e poñer este xacemento ao servizo da sociedade dada a súa importancia histórica e cultural, xa que constitúe un dos principais xacementos galegos para a comprensión dos cambios ambientais e culturais ata a

adopción da vida campesiña polos poboadores do noso territorio e non pode admitirse que pase a mans privadas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Solicitar ao Ministerio de Facenda que paralice a poxa dos terreos onde se radica o xacemento arqueolóxico de Pena Grande no concello de Vilalba.

2. Solicitar ao dito ministerio a cesión destes terreos para que pasen a dominio público e o xacemento de Pena Grande poda ser xestionado polo Goberno de Galicia

3. Proceder de forma inmediata o tramites necesarios para que o xacemento de Pena Grande sexa declarado de BIC.

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/11/2017 19:22:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/11/2017 19:23:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2017 19:23:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 10:56
Nº Rexistro: 20859
Data envío: 28/11/2017 10:56:46.859

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea,** a iniciativa dos seus deputados **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector do mar de Galicia está a vivir con moita preocupación o proceso de adopción de medidas que afectan ao plan de xestión da sardiña Ibérica, e as decisión que sobre esta especie pretende introducir a Unión Europea.

Esta pesquería é fundamental para varios segmentos de frota de Galicia, pero en concreto nas Rías de Arousa e Vigo, entre outras, afecta de forma moi considerable aos máis de 400 barcos que manteñen o xeito no seu permex.

Estes traballadores que no ano 2017 pescaron algo máis de 210 toneladas das 17000 Tn do total, verían moi afectada a súa economía de adoptarse medidas que reduzan considerablemente a cota ou establezan novas restricións sobre a talla na pesca en augas interiores desta especie.

Dende En Marea vimos defendendo, ao igual que se sumou a esta petición tanto a maioría das artes menores como a frota do cerco, que a arte do xeito debera manterse fora das cotas do plan de explotación da sardiña ibérica, pola súa pouca relevancia relativa e escaso impacto que sobre os stocks da sardiña ten a utilización desta arte tradicional.

Ademais, ao igual que xa fixo a Consellería nas súas alegacións perante do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 10:56
Nº Rexistro: 20859
Data envío: 28/11/2017 10:56:46.859

ministerio á hora de realizar as súas emendas ao decreto de ordenación do espazo marítimo, cremos que debemos exercer as nosas condicións de autogoberno neste sentido recollidas no Estatuto de Galicia, e elaborar un plan propio de xestión da sardiña en augas interiores.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a defender perante o Ministerio a adopción dun plan de xestión da sardiña ibérica que entre outras cousas contemple:

1. Un reparto xusto da cota en relación cos postos de traballo que xera por TN descargada.
2. Iniciar os estudios científicos pertinentes que permitan establecer unha unidade de xestión independente para a sardiña das costas galegas e o norte de Portugal.
3. Excluír das cotas que se acorden á arte do xeito.
4. Establecer no uso das nosas competencias un plan de xestión propio nas augas interiores de Galicia da sardiña ibérica

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo
Deputado do G.P. de En Marea
Carmen Santos Queiruga
Deputada e Voceira S. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 10:56
Nº Rexistro: 20859
Data envío: 28/11/2017 10:56:46.859

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 28/11/2017 10:55:06

Carmen Santos Queiruga na data 28/11/2017 10:55:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 11:31
Nº Rexistro: 20860
Data envio: 28/11/2017 11:31:20.093

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 30/11/2017 17:41:53

David Rodríguez Estévez na data 30/11/2017 17:42:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:48
Nº Rexistro: 21008
Data envío: 30/11/2017 17:48:05.144

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 30/11/2017 17:42:15

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:54
Nº Rexistro: 21011
Data envío: 30/11/2017 17:54:49.629

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Davide Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal, Paula Quinteiro Araújo, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en relación á derrogación da Lei 1/2012 e a recuperación dos dereitos do persoal laboral da Xunta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A grave crise económica global iniciada en 2007 serviu de escusa aos grandes poderes financeiros internacionais para erosionar, aínda máis, o papel dos Estados.

No marco das contrarreformas neoliberais aplicadas no Estado español especialmente dende 2011, cando se reforma o artigo 135 da Constitución española, dispoñendo que "todas as administracións públicas adecuarán as súas accións ao principio de estabilidade orzamentaria", encorsetando os límites do déficit e da débeda pública, aprobouse no Parlamento de Galicia, cos únicos votos do PP e co rexeitamento unánime das forzas políticas da oposición e dos sindicatos, a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:54
Nº Rexistro: 21011
Data envío: 30/11/2017 17:54:49.629

A Lei 1/2012 remarca, na súa exposición de motivos, que se trata dunha "serie de medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal" e que a vixencia da lei queda "supeditada á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan á sostibilidade das contas públicas".

Dita Lei 1/2012 suspende unilateralmente preceptos contidos no Vº Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia; entre eles, suspéndese "a aplicación do artigo 19, excepto o apartado 1, do Vº Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia", en canto a descansos e libranzas.

Á marxe da opinión de En Marea a respecto do efecto nocivo destas leis para a recuperación económica e, sobre todo, para as condicións materiais da maioría social, e á marxe da gravísima situación social que padece o noso País, a nivel macroeconómico, no ano 2017 o PIB galego recupera as cifras do ano 2008, téndose iniciado en 2014 unha fase alcista do ciclo económico. Sen embargo, a porcentaxe que representan os Orzamentos da Xunta no conxunto do PIB reduciuse dende o 18,4% en 2009 ata o 14,8% en 2018.

O Proxecto de Lei de Orzamentos da Xunta para 2018, en tramitación, indica a continuación da expansión da economía galega, pese á moderación do crecemento do PIB en 2018 con respecto a 2017, mais, a pesares desta constatación, os Orzamentos non medran o que medra o PIB e continúan sen recuperarse os dereitos laborais perdidos polo persoal público durante a crise. A pesares de que a propia Lei/2012 dispuña que "as medidas contempladas" … "serán revisadas nun prazo de dous anos dende a entrada en vigor da mesma, en función da evolución do PIB real de Galicia e do aforro primario dos Orzamentos", pasados case seis anos, a norma continúa vixente.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:54
Nº Rexistro: 21011
Data envio: 30/11/2017 17:54:49.629

As consecuencias da suspensión de dereitos laborais do persoal da Xunta – especialmente do artigo 19 do Vº Convenio - repercuten directamente sobre a saúde laboral do mesmo e sobre a calidade dos servizos públicos, en contra do criterio da propia Lei 1/2012, que se refire a que a adopción das medidas contempladas na mesma non pode "menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais".

O recorte do dereito a descanso do persoal laboral lesiona as posibilidades de conciliación, orixina stress e aumenta a accidentabilidade laboral. No caso da Consellería de Política Social, na que as carteleiras de traballo nos distintos centros están moi axustadas, case a metade dos accidentes laborais na Xunta nos últimos anos se deben ao "sobreesforzo" (en 2017, o 41% dos accidentes con baixa laboral na Xunta se deberon a esta causa), tendo unha relación clara coa falta de persoal adecuado ás tarefas que se desempeñan nos distintos centros e coa falta de descanso, sobre todo en traballos que se realizan en quendas (consellerías de Política Social, Medio Rural e Medio Ambiente). As situacións máis graves prodúcense nos centros de maiores, tanto pola integración nos mesmos de persoas con trastornos psiquiátricos como pola tardanza na valoración do grao de dependencia en moitas persoas residentes. Deste xeito, as rateos non son reais, non se cobren as baixas e o persoal – maioritariamente feminino e cada vez máis envellecido – traballa baixo mínimos.

Téndose recuperado o PIB non é tolerable o mantemento de recortes de dereitos ao persoal público e, en ningún caso, é admisible a precariedade na prestación de servizos públicos esenciais por parte da Xunta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta seguinte Proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:54
Nº Rexistro: 21011
Data envío: 30/11/2017 17:54:49.629

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar os seguintes acordos:

1. Deixar sen efecto a suspensión do Vº Convenio Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

2. Derrogar a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 30/11/2017 17:49:21

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/11/2017 17:49:28

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/11/2017 17:49:33

Carmen Santos Queiruga na data 30/11/2017 17:49:36

Antón Sánchez García na data 30/11/2017 17:49:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:54
Nº Rexistro: 21011
Data envío: 30/11/2017 17:54:49.629

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Eva Solla Fernández na data 30/11/2017 17:49:42

Luca Chao Pérez na data 30/11/2017 17:49:45

Paula Quinteiro Araújo na data 30/11/2017 17:49:49

Luis Villares Naveira na data 30/11/2017 17:49:52

Magdalena Barahona Martín na data 30/11/2017 17:49:56

José Manuel Lago Peñas na data 30/11/2017 17:49:59

Francisco Casal Vidal na data 30/11/2017 17:50:03

David Rodríguez Estévez na data 30/11/2017 17:50:06

Marcos Cal Ogando na data 30/11/2017 17:50:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:56
Nº Rexistro: 21014
Data envío: 30/11/2017 17:56:53.301

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Davide Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal, Paula Quinteiro Araújo, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, en relación á derrogación da Lei 1/2012 e a recuperación dos dereitos do persoal laboral da Xunta

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A grave crise económica global iniciada en 2007 serviu de escusa aos grandes poderes financeiros internacionais para erosionar, aínda máis, o papel dos Estados.

No marco das contrarreformas neoliberais aplicadas no Estado español especialmente dende 2011, cando se reforma o artigo 135 da Constitución española, dispoñendo que "todas as administracións públicas adecuarán as súas accións ao principio de estabilidade orzamentaria", encorsetando os límites do déficit e da débeda pública, aprobouse no Parlamento de Galicia, cos únicos votos do PP e co rexeitamento unánime das forzas políticas da oposición e dos sindicatos, a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 1/2012 remarca, na súa exposición de motivos, que se trata dunha "serie de medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal" e que a vixencia da lei

queda "supeditada á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan á sustentabilidade das contas públicas".

Dita Lei 1/2012 suspende unilateralmente preceptos contidos no Vº Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia; entre eles, suspéndese "a aplicación do artigo 19, excepto o apartado 1, do Vº Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia", en canto a descansos e libranzas.

Á marxe da opinión de En Marea a respecto do efecto nocivo destas leis para a recuperación económica e, sobre todo, para as condicións materiais da maioría social, e á marxe da gravísima situación social que padece o noso País, a nivel macroeconómico, no ano 2017 o PIB galego recupera as cifras do ano 2008, téndose iniciado en 2014 unha fase alcista do ciclo económico. Sen embargo, a porcentaxe que representan os Orzamentos da Xunta no conxunto do PIB reduciuse dende o 18,4% en 2009 ata o 14,8% en 2018.

O Proxecto de Lei de Orzamentos da Xunta para 2018, en tramitación, indica a continuación da expansión da economía galega, pese á moderación do crecemento do PIB en 2018 con respecto a 2017, mais, a pesares desta constatación, os Orzamentos non medran o que medra o PIB e continúan sen recuperarse os dereitos laborais perdidos polo persoal público durante a crise. A pesares de que a propia Lei/2012 dispuña que "as medidas contempladas" … "serán revisadas nun prazo de dous anos dende a entrada en vigor da mesma, en función da evolución do PIB real de Galicia e do aforro primario dos Orzamentos", pasados case seis anos, a norma continúa vixente.

As consecuencias da suspensión de dereitos laborais do persoal da Xunta – especialmente do artigo 19 do Vº Convenio - repercuten directamente sobre a saúde laboral do mesmo e sobre a calidade dos servizos públicos, en contra do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:56
Nº Rexistro: 21014
Data envío: 30/11/2017 17:56:53.301

criterio da propia Lei 1/2012, que se refire a que a adopción das medidas contempladas na mesma non pode "menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais".

O recorte do dereito a descanso do persoal laboral lesiona as posibilidades de conciliación, orixina stress e aumenta a accidentabilidade laboral. No caso da Consellería de Política Social, na que as carteleiras de traballo nos distintos centros están moi axustadas, case a metade dos accidentes laborais na Xunta nos últimos anos se deben ao "sobreesforzo" (en 2017, o 41% dos accidentes con baixa laboral na Xunta se deberon a esta causa), tendo unha relación clara coa falta de persoal adecuado ás tarefas que se desempeñan nos distintos centros e coa falta de descanso, sobre todo en traballos que se realizan en quendas (consellerías de Política Social, Medio Rural e Medio Ambiente). As situacións máis graves prodúcense nos centros de maiores, tanto pola integración nos mesmos de persoas con trastornos psiquiátricos como pola tardanza na valoración do grao de dependencia en moitas persoas residentes. Deste xeito, as rateos non son reais, non se cobren as baixas e o persoal – maioritariamente feminino e cada vez máis envellecido – traballa baixo mínimos.

Téndose recuperado o PIB non é tolerable o mantemento de recortes de dereitos ao persoal público e, en ningún caso, é admisible a precariedade na prestación de servizos públicos esenciais por parte da Xunta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a deixar sen efecto, de xeito inmediato, a suspensión do artigo 19 do Vº Convenio Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:56
Nº Rexistro: 21014
Data envio: 30/11/2017 17:56:53.301

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 30/11/2017 17:47:55

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/11/2017 17:48:02

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/11/2017 17:48:05

Carmen Santos Queiruga na data 30/11/2017 17:48:08

Antón Sánchez García na data 30/11/2017 17:48:11

Eva Solla Fernández na data 30/11/2017 17:48:15

Luca Chao Pérez na data 30/11/2017 17:48:18

Paula Quinteiro Araújo na data 30/11/2017 17:48:21

Luis Villares Naveira na data 30/11/2017 17:48:24

Magdalena Barahona Martín na data 30/11/2017 17:48:28

José Manuel Lago Peñas na data 30/11/2017 17:48:32

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:56
Nº Rexistro: 21014
Data envio: 30/11/2017 17:56:53.301

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Francisco Casal Vidal na data 30/11/2017 17:48:35

David Rodríguez Estévez na data 30/11/2017 17:48:39

Marcos Cal Ogando na data 30/11/2017 17:48:42

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21016
Data envío: 30/11/2017 18:15:21.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a venda de predios con patrimonio arqueolóxico e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para que lle sexa cedida a titularidade de parcelas con bens patrimoniais procedentes de concentración parcelaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que o Goberno español comunicase a paralización da poxa do predio no que se atopa o xacemento arqueolóxico de Pena Grande, no Concello de Vilalba, como resultado da mobilización política e social, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que a administración pública, principalmente a Xunta de Galiza, mais non só, debe asumir a súa competencia exclusiva sobre o patrimonio galego (artigo 2 da Lei 5/2016) garantindo a protección e conservación do mesmo e introducir os mecanismos que sexan precisos para evitar que algo semellante volva acontecer.

Así as cousas, cómpre sinalar que noutro lote da mesma poxa prevista polo Ministerio de Hacienda para o 15 de decembro de 2017 en Lugo, inclúese un outro predio situado "dentro do ámbito de respecto estabelecido no PXOM de Castroverde para o Castro de Saceda". Trátase do Lote número 7 correspondente ao Expediente 2017 027 00066, localizado no Concello de Castroverde.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21016
Data envío: 30/11/2017 18:15:21.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, debemos subliñar que o xacemento arqueolóxico de Pena Grande (Vilalba) saíu a poxa en tres ocasións antes de se suspender a súa venda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda instar a Xunta a adoptar con urxencia as medidas oportunas para que lle sexa cedida a titularidade daquelas propiedades que posúen bens patrimoniais e que resulten en mans do Ministerio de Hacienda español despois da concentración parcelaria."

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21016
Data envio: 30/11/2017 18:15:21.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2017 18:09:37

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2017 18:09:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/11/2017 18:09:44

Noa Presas Bergantiños na data 30/11/2017 18:09:45

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2017 18:09:47

Ana Pontón Mondelo na data 30/11/2017 18:09:52

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21018
Data envío: 30/11/2017 18:15:38.144

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a venda de predios con patrimonio arqueolóxico e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para que lle sexa cedida a titularidade de parcelas con bens patrimoniais procedentes de concentración parcelaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que o Goberno español comunicase a paralización da poxa do predio no que se atopa o xacemento arqueolóxico de Pena Grande, no Concello de Vilalba, como resultado da mobilización política e social, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que a administración pública, principalmente a Xunta de Galiza, mais non só, debe asumir a súa competencia exclusiva sobre o patrimonio galego (artigo 2 da Lei 5/2016) garantindo a protección e conservación do mesmo e introducir os mecanismos que sexan precisos para evitar que algo semellante volva acontecer.

Así as cousas, cómpre sinalar que noutro lote da mesma poxa prevista polo Ministerio de Hacienda para o 15 de decembro de 2017 en Lugo, inclúese un outro predio situado "dentro do ámbito de respecto estabelecido no PXOM de Castroverde para o Castro de Saceda". Trátase do Lote número 7 correspondente ao Expediente 2017 027 00066, localizado no Concello de Castroverde.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21018
Data envío: 30/11/2017 18:15:38.144

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, debemos subliñar que o xacemento arqueolóxico de Pena Grande (Vilalba) saíu a poxa en tres ocasións antes de se suspender a súa venda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a incoar o expediente para a catalogación do xacemento arqueolóxico de Pena Grande, no Concello de Vilalba, como Ben de Interese Cultural."

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21018
Data envio: 30/11/2017 18:15:38.144

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2017 18:11:57

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2017 18:12:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/11/2017 18:12:05

Noa Presas Bergantiños na data 30/11/2017 18:12:06

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2017 18:12:07

Ana Pontón Mondelo na data 30/11/2017 18:12:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:28
Nº Rexistro: 21023
Data envío: 30/11/2017 18:28:22.769

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Partido dos Socialistas de Galicia

A Asociación Camiño dos Faros vén de manifestar publicamente o seu malestar pola denominación "Ruta dos Faros" utilizada polos GALP (Grupos Acción Local Sector Pesqueiro).

Camiño dos Faros, ten como obxectivo a promoción da Costa da Morte, existe dende hai 5 anos. Iniciou a súa actividade, e tras darse a coñecer a través das redes sociais, comezaron un movemento social que chega ata hoxe en día promocionando unha ruta das máis espectaculares que existen en Europa, sen apenas recursos, co traballo voluntario de centos de persoas, poñéndoa no circuíto de rutas de sendeirismo e atraendo a xentes de todo o mundo. Un traballo altruísta dunha sociedade que quere á súa terra e llela quere ensinar a todo o mundo.

Na actualidade o Camiño dos Faros (tamén coñecido como Ruta dos Faros) está presente e é coñecida no ambiente dos camiñantes europeos, co cal é difícil comprender, como os GALP crean unha "Ruta dos Faros de Galicia", que percorrerá en coche todos os faros de Ribadeo ata Tui, e que foi presentada con toda pomposidade en Santiago.

Trátase dunha marca que causa confusión co proxecto xa existente de Camiño dos Faros. Así, de feito, se facemos unha procura en Google do termo "Ruta dos Faros" xa indica claramente quen é coñecido en toda Europa con ese nome.

A propia Deputación da Coruña e a Asociación do Camiño dos Faros asinaron un convenio polo que a institución provincial financiará a homologación da ruta, que se converterá en senda de gran percorrido.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:28
Nº Rexistro: 21023
Data envio: 30/11/2017 18:28:22.769

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar as cabo as xestións necesarias para que con carácter inmediato se proceda a modificar a denominación da "Ruta dos Faros" xa que crea confusión coa existente "Camiño dos Faros".

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 30/11/2017 18:25:53

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/11/2017 18:26:07

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/11/2017 18:26:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/11/2017 18:26:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 12:52
Nº Rexistro: 20986
Data envio: 30/11/2017 12:52:03.338

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez** e **Martín Fernández Prado,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura,** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O Parlamento Europeo e o Consello de Europa declararon 2018 como Ano Europeo do Patrimonio Cultural co obxectivo principal de que a sociedade europea descubra o amplo e diverso patrimonio que herdamos e que se reafirme o sentimento de pertenza a unha familia europea común.

Ademais, esta declaración persegue fomentar o intercambio e poñer en valor o patrimonio cultural europeo como un recurso compartido; sensibilizar acerca da nosa historia común e os valores compartidos; reforzar o sentimento de pertenza a Europa; e protexer salvagardar, reutilizar, aumentar, valorizar e fomentar ese patrimonio cultural europeo común.

En resumo, o que se promove principalmente con esta celebración é a consideración do patrimonio cultural como un elemento fundamental da diversidade cultural e do diálogo intercultural; e a súa contribución á economía, con arredor de 300.000 persoas que traballan no sector e con 7,8 millóns de empregos vinculados con el)principalmente no turismo e construción).

Europa pídelle aos poderes públicos que impulsen iniciativas, coa participación do conxunto da sociedade, que celebren este Ano Europeo 2018 e que estean baseadas no compromiso, sustentabilidade, protección e innovación arredor do patrimonio cultural.
Co obxectivo de que a sociedade galega sexa partícipe da celebración do Ano Europeo do Patrimonio Cultural en 2018, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a planificar e programar as iniciativas precisas para celebrar o Ano Europeo do Patrimonio Cultural en 2018, mediante accións que permitan promover o debate e sensibilizar a sociedade galega arredor da importancia e valor do patrimonio cultural galego; e transmitir os valores da diversidade e do diálogo intercultural".

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/11/2017 12:47:40

César Manuel Fernández Gil na data 30/11/2017 12:47:51

Maria Antón Vilasánchez na data 30/11/2017 12:47:55

Teresa Egerique Mosquera na data 30/11/2017 12:48:02

Carlos Gómez Salgado na data 30/11/2017 12:48:13

Carlos Enrique López Crespo na data 30/11/2017 12:48:21

Antonio Mouriño Villar na data 30/11/2017 12:48:29

Moisés Rodríguez Pérez na data 30/11/2017 12:48:36

Martín Fernández Prado na data 30/11/2017 12:48:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 12:55
Nº Rexistro: 20695
Data envío: 24/11/2017 12:55:02.469

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A Ostomía é unha técnica que comunica o intestino a través da parede abdominal co exterior mediante un dispositivo ou bolsa de recolección, denominado dispositivo de ostomía dixestiva.

En España existen 70.000 pacientes ostomizados, a nivel autonómico contabilízanse 5.000, e cada ano xéranse 15.000 novos casos, segundo os datos da Sociedade Española de Enfermería Experta en Estomaterapia.

O estoma supón para o paciente un forte impacto emocional porque repercute na súa imaxe persoal, na vida laboral, social, familiar e na propia capacidade funcional. Por iso, resulta esencial a prestación dunha atención continuada no tempo por parte dos distintos profesionais para que así os pacientes poidan afianzar o seu espazo na sociedade e fortalecer a formación e información entre profesionais, coidadores e pacientes.

Asociacións de pacientes como a Asociación Socio Sanitaria Educativa Inflamatoria Intestinal (ASEII) e a Asociación de Enfermos de Crohn e de Colite Ulcerosa de Galicia (ACCU) fixeron chegar as súas inquedanzas e necesidades ás nosas autoridades

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

sanitarias, e froito desta colaboración Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma en poñer a disposición destes pacientes baños adaptados, que dan resposta ao que necesitan para poder baleirar as súas bolsas sen complicacións, con seguridade e hixiene.

O Hospital Montecelo de Pontevedra conta, dende o mes de febreiro, co primeiro aseo adaptado para estes pacientes, e na actualidade xa ten tamén un segundo aseo destas características.

Este proxecto foi impulsado polo Servizo Galego de Saúde e o seu prototipo foi deseñado polo propio persoal de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra. Tamén, a Asociación Socio Sanitaria Educativa Inflamatoria Intestinal (ASEII) tivo un papel determinante, realizando aportacións para que o modelo de aseo se adaptase da mellor maneira posible ás necesidades dos pacientes.

De xeito progresivo, estes aseos adaptados foron incorporándose nos distintos centros hospitalarios.

Conscientes da importancia que para a saúde e benestar destas persoas pode ter unha iniciativa como esta, e convencidos da súa viabilidade, o Grupo Parlamentario Popular, presenta esta proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Dotar de modo progresivo de aseos adaptados para pacientes ostomizados en todos os edificios da Xunta de Galicia, e a que desde o goberno autonómico de Galicia se fomente que no resto de infraestruturas tanto públicas como privadas se poidan dispoñer deste tipo de baños.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

2.- Solicitar ao Goberno de España que realice as actuacións normativas que procedan para incorporar ao Código Técnico da Edificación a obriga de dotar aos edificios públicos de baños adaptados para estes pacientes."

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/11/2017 12:46:06

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 24/11/2017 12:46:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/11/2017 12:46:33

María Ángeles Garcia Míguez na data 24/11/2017 12:46:39

Marta Rodriguez Arias na data 24/11/2017 12:46:47

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 24/11/2017 12:46:56

María Soraya Salorio Porral na data 24/11/2017 12:47:06

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/11/2017 12:47:13

Raquel Arias Rodríguez na data 24/11/2017 12:47:23

Sandra Vázquez Dominguez na data 24/11/2017 12:47:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 12:55
Nº Rexistro: 20697
Data envio: 24/11/2017 12:55:28.032

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

O pasado luns, 20 de novembro, unha representación da Asociación de Veciños e Comerciantes a Falperra levaron ao Parlamento de Galicia máis de tres mil duascentas firmas recollidas no seu barrio para solicitar aos Grupos Parlamentarios que insten ao Concello da Marea a deixar de bloquear a construción do Centro de Saúde no edificio do Mercado de Santa Lucia.

Os veciños xunto coas firmas entregaron un escrito a todos os grupos no que se sinala como único responsable do retraso ao Concello da Marea:

"Desde a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E COMERCIANTES A FALPERRA defendemos a necesidade de dispoñer dun espazo adecuado para construír o Centro de Saúde no barrio da Falperra; consideramos que a localización no actual edificio do Mercado de Santa Lucia é a máis indicada para dar resposta ás necesidades dos veciños do noso barrio, unha poboación cun gran número de persoas de avanzada idade. Insistimos na necesidade de instalalo nun espazo facilmente accesible para eles, cunha comunicación directa desde o exterior do edificio e polo tanto non nunha distribución en

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

altura como propón sen ningunha xustificación o Concello da Coruña. A poboación que recibiría atención nesta nova infraestrutura para a nosa cidade serían os pacientes que actualmente reciben atención no Centro de Saúde de Federico Tapia.

Ante a actitude do Alcalde da Coruña de seguir enfrontando aos veciños e marxinando ao noso barrio, queremos mostrar o noso rexeitamento á falta de diálogo que desde o primeiro momento demostrou cos veciños e á falta de colaboración e de acordo coa Xunta de Galicia, coa que o Concello da Coruña ten asinado un Protocolo de Colaboración para acometer a reforma do edifico actual do Mercado de forma conxunta.

Por todo iso presentamos, nestes momentos, máis de TRES MIL DUASCENTAS firmas recolleitas no barrio da Falperra, que avalan a necesidade de acometer a reforma do actual Mercado de Santa Lucia de forma inmediata, sempre co maior acordo e consenso posible. Esiximos un cambio de actitude do Alcalde, aberta ás propostas vecinales e, por suposto, a colaborar con lealtad coa Xunta de Galicia, que pretende realizar un investimento importante nun barrio da cidade tan necesitado dunha revitalización, mellorando os servizos, revitalizando o pequeno comercio e poñendo en primeiro nivel ao noso barrio en canto á asistencia sanitaria, o mesmo que o resto de barrios da cidade."

Facéndonos eco da xusta reclamación dos veciños deste barrio coruñés, vítimas da actividade obstaculizadora do goberno da Marea, é polo que presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir traballando para facer realidade a dotación dun novo Centro de Saúde para o barrio, nun espazo adecuado

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

cedido polo Concello da Coruña no actual edificio do Mercado de Santa Lucía no barrio da Falperra".

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/11/2017 12:50:15

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 24/11/2017 12:50:24

Gonzalo Trenor López na data 24/11/2017 12:50:31

Martín Fernández Prado na data 24/11/2017 12:50:41

Diego Calvo Pouso na data 24/11/2017 12:50:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/11/2017 12:50:58

María Ángeles Garcia Míguez na data 24/11/2017 12:51:05

Marta Rodriguez Arias na data 24/11/2017 12:51:12

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 24/11/2017 12:51:22

María Soraya Salorio Porral na data 24/11/2017 12:51:32

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/11/2017 12:51:40

Raquel Arias Rodríguez na data 24/11/2017 12:51:50

Sandra Vázquez Dominguez na data 24/11/2017 12:51:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 13:57
Nº Rexistro: 20709
Data envío: 24/11/2017 13:57:23.688

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos

A asociación Fademur vén de publicar unha enquisa sobre a percepción da sociedade galega sobre a realidade das mulleres rurais galegas, especialmente sobre a incidencia da violencia de xénero no ámbito rural.

Son moitos os datos reveladores na mesma. Pero hai un que se pode entender como preocupante, especialmente polo que implica na planificación das campañas, medidas e accións de prevención contra a violencia de xénero.

Ao seren consultadas, un 45 % das persoas responden erroneamente cando se lles pregunta que é a violencia de xénero. Só o 55 % ten claro o concepto de "violencia de xénero", considerándoa como "aquela violencia física, sexual o psicolóxica cara homes e mulleres exercida polas súas parellas ou ex parellas".

Esta falta de comprensión do concepto, significa que algo se está facendo mal nas campañas ou programas de información sobre a violencia, especialmente cando non se entende que os homes son tamén vítimas da violencia, e que isto non é só un problema de mulleres.

Así mesmo un 61,81 % das mulleres do rural din que no seu entorno non hai informacións para abordar o tratamento da violencia de xénero.

Seis de cada dez mulleres din non coñecer ningún tipo de campaña sobre violencia de xénero.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 13:57
Nº Rexistro: 20709
Data envio: 24/11/2017 13:57:23.688

Respecto á pregunta sobre os actos que consideran como violencia de xénero, chama a atención como a prostitución non está considerada como tal por un 40 %.

Tendo en conta estes datos e moitos outros que se reflicten na enquisa, e que amosan porcentaxes significativas de xente que segue a ter conceptos errados sobre o que é e non violencia de xénero, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar os criterios e conceptos básicos nos que teñen que incidir as campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero, promovendo ferramentas de obtención de información, como son as enquisas de opinión previa e posteriormente a cada campaña, para poder dirixilas de maneira máis eficaz á cidadanía, habilitando unha partida orzamentaria específica para o seu desenvolvemento anual.

2. Realizar campañas de concienciación específicas que teñan en conta as peculiaridades da sociedade rural, implicando nelas tamén ós servizos sociais máis próximos ás mulleres rurais, así como ás entidades sociais presentes no entorno como asociacións de veciños, de pais e nais, de mulleres, de montes, cooperativas etc.

3. Incidir na difusión das campañas nas zonas rurais, especialmente nos concellos máis pequenos, por ser onde se demostran menos eficaces.

4. Promover nos distintos cursos de formación de profesorado así como nos de alumnado nos centros educativos, aqueles centrados en traballar para erradicar a tolerancia ante as diferentes manifestacións de violencia de xénero, desmontando falsos conceptos.

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 24/11/2017 13:52:12

María Dolores Toja Suárez na data 24/11/2017 13:52:18

José Antonio Quiroga Díaz na data 24/11/2017 13:52:28

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/11/2017 13:52:33

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/11/2017 13:52:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 13:57
Nº Rexistro: 20709
Data envio: 24/11/2017 13:57:23.688

Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/11/2017 13:52:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/11/2017 13:52:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/11/2017 13:52:51

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20717
Data envio: 24/11/2017 14:24:53.891

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as denuncias do cadro de persoal do Hospital comarcal de Monforte en relación ao estado da infraestrutura e a falta de persoal de enfermaría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Persoal de enfermaría do Hospital comarcal de Monforte denunciou estar "desbordado" polas condicións de traballo nas que se atopan debido, sobre todo, á falta de persoal e material.

Sinalan que nas plantas de Medicina Interna (Medicina Interna e Neumoloxía) e de Especialidades (Neuroloxía, Cardioloxía, Medicina Interna, Endocrinoloxía, Hermatoloxía e Unidade de Dor) o mobiliario atópase obsoleto e mesmo non contan con cuartos de baño adaptados ás necesidades das e dos doentes.

O persoal de enfermaría asegura que pola falta de medios teñen que priorizar unhas tarefas sobre outras e que iso está a minorizar a calidade do servizo prestado até o punto de reverter directamente na saúde das persoas ingresadas no hospital.

A denuncia desta situación por parte do cadro de persoal do Hospital comarcal de Monforte non é nova, como tampouco que a voz das traballadoras e traballadores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20717
Data envío: 24/11/2017 14:24:53.891

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sexa trasladada a esta Cámara. Unha situación que, temen, empeore de se aprobar a reforma da Lei de Saúde de Galiza proposta polo Goberno da Xunta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento acorda instar a Xunta de Galiza a dotar de recursos humanos suficientes e mellorar as condicións materiais do Hospital comarcal de Monforte, especialmente nas áreas de Medicina Interna e Especialidades."

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20717
Data envio: 24/11/2017 14:24:53.891

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 24/11/2017 14:24:20

María Montserrat Prado Cores na data 24/11/2017 14:24:25

Noa Presas Bergantiños na data 24/11/2017 14:24:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/11/2017 14:24:30

Xosé Luis Bará Torres na data 24/11/2017 14:24:34

Ana Pontón Mondelo na data 24/11/2017 14:24:37

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:38
Nº Rexistro: 20732
Data envío: 27/11/2017 11:38:31.971

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á posíbel instalación dunha Planta de Almacenaxe e pretratamento de Aceites industriais e Hidrocarburos no Peirao de Oza da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data de 23 de outubro de 2017 publícase no DOG (núm. 201) anuncio de 29 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental da Planta de recepción e pretratamiento de residuos xerados por buques, no Concello da Coruña, promovido por Limpeza Marítima de Óleos, S.L.U. Limpoil (clave do proxecto 2015/0167).

Tal e como se reflicte na propia resolución, así como no estudo de impacto simplificado obxecto da mesma, a planta terá unha capacidade máxima de xestión de refugallos de 4.000 toneladas ao año, cunha capacidade máxima de tratamento de 26.280 m^3/ano, dos que se espera extraer mil toneladas ao ano de augas residuais, e estará composta por: dous tanques de 65.000 litros para a almacenaxe, nun deles para almacenaxe "de residuos MARPOL con mestura non emulsionada sometidos a pretratamento", e o outro para a almacenaxe de "residuos MARPOL formados con mestura emulsionada"; un tanque de capacidade de 28.000 litros para almacenaxe de aceite; e un cuarto tanque de 30.000 litros para funcións auxiliares.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:38
Nº Rexistro: 20732
Data envio: 27/11/2017 11:38:31.971

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
As autoridades públicas están obrigadas pola Lei 27/2006 a levar a cabo a difusión da información ambiental da maneira máis activa e sistemática posible. De feito, teñen a obriga de difundir unha información mínima, entre aqueles datos ou resumos de datos derivados do seguimento das actividades que afecten ou poidan afectar ao medio ambiente. Así, as autoridades estatais e autonómicas están obrigadas a promover unha maior accesibilidade os datos sobre o control e a execución da normativa pesqueira en España, sen máis limitacións que as excepcións previstas no artigo 4.4 do Convenio de Aarhus e no artigo 13.2 da Lei 27/2006.

O Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente, vén de facer público o seu informe "O Control e a Execución da Política Pesqueira en España Informe Final 26/07/2017". Nese informe establécese que como consecuencia da ausencia de datos publicamente dispoñibles sobre a aplicación do sistema de control de pesca en Galicia, foi necesario presentar unha solicitude de acceso á información ante a Consellería do Mar, da que depende a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia. E que esta unicamente facilitou o acceso parcial da información. Os datos non facilitados refírense á descrición dos tipos infractores de pesca máis comúns detectados no ámbito autonómico, así como os datos sobre

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20835
Data envio: 27/11/2017 18:29:18.514

procedementos sancionadores tramitados e a contía total das sancións administrativas impostas.

O informe tamén indica que o Goberno galego non realizou o correspondente informe final de resultados relativo ao seu programa autonómico de control da trazabilidade dos produtos da pesca e a acuicultura. E polo tanto, imposibilita coñecer se se compren os requisitos de trazabilidade da UE ao longo da súa cadea de comercialización de produtos pesqueiros.

Faise preciso pois cumprir coas indicacións da UE, e aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre as inspeccións e infraccións en materia de pesca, e facilitar un acceso eficaz os datos sobre as sancións administrativas impostas por infraccións á normativa pesqueiras tanto a nivel estatal como autonómico. Ademais promover a publicación de informes anuais a nivel autonómico, incluíndo datos sobre o control e o cumprimento da normativa pesqueira. Aumentar a conciencia política e a vontade das autoridades públicas españolas para levar a cabo unha correcta aplicación das disposicións do Convenio de Aarhus en materia de acceso á información ambiental. Aumentar e mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes que participan no control e execución da normativa de pesca, tanto a nivel nacional como autonómico. As autoridades públicas deben ter coñecemento da achega do funcionamento real do sistema de control e execución da política pesqueira en España, sendo capaces de identificar tanto os logros como as limitacións existentes á hora de aplicar as normas da PPC e os seus regulamentos de control.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a elaborar e presentar no Parlamento de Galicia, nun prazo máximo de 3 meses, un plan de acción para aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre as inspeccións e infraccións en materia de pesca e facilitar un acceso eficaz aos datos co fin de:

1º) Aumentar e mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes que participan no control e execución da normativa de pesca tanto a nivel nacional como das CC. AA.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20835
Data envío: 27/11/2017 18:29:18.514

2º) Promover a publicación de informes anuais a nivel autonómico, incluíndo datos sobre o control e o cumprimento da normativa pesqueira.

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 27/11/2017 18:27:26

Julio Torrado Quintela na data 27/11/2017 18:27:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2017 18:27:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20836
Data envío: 27/11/2017 18:29:27.701

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea,** por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª,** relativa á poxa na que se acha un dos principais xacementos arqueolóxicos de Galicia: O asentamento de Pena Grande Bordelle, Santaballa, Vilalba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Hacienda e Función Pública saca a poxa para o 15 de decembro unha serie de bens e leiras. Entre outras, unha parcela de algo máis de tres hectáreas e media de superficie, por 7.785,66 €. Nela áchase un dos principais xacementos arqueolóxicos de Galicia. Terá lugar nas dependencias da Delegación de Economía e Facenda de Lugo e poderanse presentar ofertas ata o día 11.

En concreto, os datos técnicos do que se vai a someter a poxa son:

Lote 25- Parcela 146 do polígono 1, paraxe Detrás da Pena Grande, da zona de concentración parcelaria de Santabaia, municipio de Villalba. Referencia catastral 27065C001001460000WE. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Villalba, ao tomo 554, libro 262, folio 179, leira 29508, inscripción 1ª. Linderos: ao Norte, coa parcela 143; ao Sur, coa 147; ao Leste, con camiño e ao Oeste, coa parcelas 144 e 145. Nesta leira existen dous xacementos arqueolóxicos. Superficie 35.512 m², tipo de licitación 7.785,66 €. Expediente 2017 027 00078 (1ª poxa).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20836
Data envio: 27/11/2017 18:29:27.701

Por certo, aproveitamos para demandar que se escriba correctamente a denominación do topónimo: é Vilalba e non o termo manipulado de "Villalba".

O asentamento de Pena Grande Bordelle, Santaballa, Vilalba, foi descuberto e escavado por D. José Ramil Soneira a finais da década dos sesenta do século XX. Constitúe un dos xacementos do Paleolítico superior, Magdaleniense, máis importante de Galicia polos estudios alí realizados e pola cantidade e calidade dos restos atopados.

As máis de dúas mil pezas líticas recuperadas, realizadas sobre seixo, cristal de rocha, sílex ou seixo porfídico, permítennos coñecer á xente que habitaba esta zona de Galicia hai máis de 13.000 anos. Detrás dos "útiles tipo" localizados, máis de douscentos, están as persoas que os tallaron usando unicamente as súas mans e os medios que lles daba a natureza.
Crearon laminiñas para cortar ou cazar; burís para labrar o óso, a madeira ou pedra; raspadeiras que acondicionaban as peles. Centos de elementos con información importante sobre como viviamos e como eramos milenios atrás.

Moitas destas pezas poden verse no Museo Provincial de Lugo e no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba. Pero o abrigo de Pena Grande e a súa contorna aínda conservan moitos outros materiais que poden poñerse en perigo se se realizan obras ou remocións na súa contorna.

Pena Grande é ademais un Ben Catalogado, e como tal protexido pola nosa lexislación. É un xacemento crave para a comprensión dos cambios ambientais que desembocan na actual fase climática, así como para estudar as transformacións culturais previas á adopción da vida campesiña.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20836
Data envio: 27/11/2017 18:29:27.701

Na mesma parcela atópase o Petróglifo de Pena Grande, posiblemente da Idade do Bronce, que ten a consideración de Ben de Interese Cultural xenérico. A composición está formada por un gravado principal que desenvolve dúas espirais que están unidas por un trazo curvo. Tamén existe un motivo cruciforme de realización máis basta e máis recente.

Contamos cun importante e rico patrimonio cultural. Lamentabelmente, observamos como día a día este patrimonio se vai destruíndo impunemente en toda Galicia. Lamentamos as constantes agresións que sofre o noso patrimonio natural, paisaxístico e cultural.

Conscientes da importancia que ten a conservación do patrimonio material e inmaterial, parécenos gravísima e incomprensible esta poxa.

Máis tendo en conta que durante os traballos de concentración si se tivo a sensibilidade patrimonial necesaria como para colocar este elemento nunha posición que permitise a súa conservación baixo a tutela da administración, esperamos tamén que haxa sensibilidade actual.

Segundo as noticias que transcenderon en prensa, parece ser que a razón da venda nun proceso de poxa é puramente economicista e obvia por completo o valor patrimonial e cultural da superficie mencionada. Sinálase que esta superficie pasou a disposición dun descoñecido. É dicir, habería unha agrupación de propietarios non coñecidos. Transcorridos varios anos desde o remate da reparcelación, e se ninguén reclama a propiedade, esa superficie pasa a disposición pública. Momento no que a administración, xa fora a autonómica ou a municipal, debería facerse cargo dos terreos para garantir a conservación dos xacementos arqueolóxicos que alberga.

O Ministerio de Facenda decidiu poñer o devandito terreo á venda sen ter en conta que no lugar se atopa un conxunto arqueolóxico de enorme valor, o que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20836
Data envío: 27/11/2017 18:29:27.701

indica a falla de información, transparencia e coñecemento do que se pon en proceso de poxa desde a Administración pública. Chama poderosamente a atención este modo de proceder, do mesmo xeito que resulta rechamante que desde a delegación de Facenda de Lugo non se aporte información respecto diso ou que previamente non se realice unha visita ás parcelas ou terreos que se poñen en poxa. Cremos que sería o idóneo para non atoparnos con sorpresas como a aludida.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego, a través da Consellería de Educación, Cultura, e Ordenación Universitaria, a:

1. Coñecer por que razón decidiu o Ministerio de Facenda poñer a poxa a parcela: Lote 25- Parcela 146 do polígono 1, paraxe Detrás da Pena Grande, da zona de concentración parcelaria de Santaballa, municipio de Vilalba.
Referencia catastral 27065C001001460000WE. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Vilalba, ao tomo 554, libro 262, folio 179, leira 29508, inscripción 1ª. Lindeiros: ao Norte, coa parcela 143; ao Sur, coa 147; ao Leste, con camiño e ao Oeste, coa parcelas 144 e 145. Nesta leira existen dous xacementos arqueolóxicos. Superficie 35.512 m², tipo de licitación 7.785,66 €. Expediente 2017 027 00078 (1ª poxa).

2. Preguntar se sabe o Ministerio de Facenda que neses terreos se atopa o xacemento arqueolóxico de Pena Grande situado na parroquia de Santaballa no municipio de Vilalba. Un dos principais xacementos arqueolóxicos do período magdaleniense en Galicia que pertence ao paleolítico, onde se atoparon numerosas pezas de gran valor patrimonial.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20836
Data envío: 27/11/2017 18:29:27.701

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3. Evitar con urxencia que o Ministerio de Facenda decida levar a poxa do próximo 15 de decembro na Delegación de Facenda de Lugo o conxunto de Pena Grande.

4. Acadar o compromiso para que o Ministerio ceda eses terreos gratuitamente á Xunta de Galicia ou ao concello de Vilalba para poñelos en valor desde un punto de vista do patrimonio cultural e histórico.

5. Comprobar, a partir deste caso, se existen outros xacementos arqueolóxicos na mesma situación que Pena Grande, para evitar futuras destrucións.

6. Cumprir a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Artigo 1 (2). E Artigo 2 (1).

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda, Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez, Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/11/2017 18:28:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20836
Data envío: 27/11/2017 18:29:27.701

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luca Chao Pérez na data 27/11/2017 18:28:11

Luis Villares Naveira na data 27/11/2017 18:28:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20847
Data envio: 27/11/2017 19:24:11.248

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López** e do seu deputado **Luis Álvarez Martínez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Hai uns días, os medios de comunicación salientaron o anuncio para a inminente poxa pública dos terreos (polígono I, parcela 146) nos que se sitúan o xacemento arqueolóxico da Pena Grande, na parroquia de Santaballa, concello de Vilalba. Ditos terreos, forman parte do inventario de bens do Estado no expediente 2013/724/27/027/00001088 e correspóndense con terreos declarados no seu día de titularidade descoñecida. A poxa está fixada para o día 15 de decembro.

En dito terreo atópase un petróglifo catalogado como BIC e un xacemento paleolítico catalogado o da Pena Grande, un asentamento temporal de cazadores nómadas ocupado, segundo os restos atopados, en torno ao 14.000 a. C. e durante moito tempo xa que 8.000. anos mais tarde aínda era habitado. Neste xacemento téñense atopados milleiros de elementos de interese arqueolóxico como pezas de sílex, restos de útiles de caza e útiles de transformación como utensilios para cortar carne o traballar a madeira e os especialistas sinalan a necesidade de continuar cas investigacións, xa que constitúe un dos principais xacementos galegos para a comprensión dos cambios ambientais e culturais ata a adopción da vida campesiña polos poboadores do noso territorio.

É xa a terceira vez que se leva a cabo un procedemento de poxa sen que ningunha administración pública manifestara ningún interese en paralo e poñer este xacemento ao servizo da sociedade dada a súa importancia histórica e cultural, xa que constitúe un dos principais xacementos

galegos para a comprensión dos cambios ambientais e culturais ata a adopción da vida campesiña polos poboadores do noso territorio e non pode admitirse que pase a mans privadas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Solicitar ao Ministerio de Facenda que paralice a poxa dos terreos onde se radica o xacemento arqueolóxico de Pena Grande no concello de Vilalba.

2. Solicitar ao dito ministerio a cesión destes terreos para que pasen a dominio público e o xacemento de Pena Grande poda ser xestionado polo Goberno de Galicia

3. Proceder de forma inmediata o tramites necesarios para que o xacemento de Pena Grande sexa declarado de BIC.

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/11/2017 19:17:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/11/2017 19:18:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2017 19:18:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 10:56
Nº Rexistro: 20858
Data envío: 28/11/2017 10:56:20.203

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea,** a iniciativa dos seus deputados **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector do mar de Galicia está a vivir con moita preocupación o proceso de adopción de medidas que afectan ao plan de xestión da sardiña Ibérica, e as decisión que sobre esta especie pretende introducir a Unión Europea.

Esta pesquería é fundamental para varios segmentos de frota de Galicia, pero en concreto nas Rías de Arousa e Vigo, entre outras, afecta de forma moi considerable aos máis de 400 barcos que manteñen o xeito no seu permex.

Estes traballadores que no ano 2017 pescaron algo máis de 210 toneladas das 17000 Tn do total, verían moi afectada a súa economía de adoptarse medidas que reduzan considerablemente a cota ou establezan novas restricións sobre a talla na pesca en augas interiores desta especie.

Dende En Marea vimos defendendo, ao igual que se sumou a esta petición tanto a maioría das artes menores como a frota do cerco, que a arte do xeito debera manterse fora das cotas do plan de explotación da sardiña ibérica, pola súa pouca

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 10:56
Nº Rexistro: 20858
Data envío: 28/11/2017 10:56:20.203

relevancia relativa e escaso impacto que sobre os stocks da sardiña ten a utilización desta arte tradicional.

Ademais, ao igual que xa fixo a Consellería nas súas alegacións perante do ministerio á hora de realizar as súas emendas ao decreto de ordenación do espazo marítimo, cremos que debemos exercer as nosas condicións de autogoberno neste sentido recollidas no Estatuto de Galicia, e elaborar un plan propio de xestión da sardiña en augas interiores.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a defender perante o Ministerio a adopción dun plan de xestión da sardiña ibérica que entre outras cousas contemple:

1. Un reparto xusto da cota en relación cos postos de traballo que xera por TN descargada.
2. Iniciar os estudios científicos pertinentes que permitan establecer unha unidade de xestión independente para a sardiña das costas galegas e o norte de Portugal.
3. Excluír das cotas que se acorden á arte do xeito.
4. Establecer no uso das nosas competencias un plan de xestión propio nas augas interiores de Galicia da sardiña ibérica

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 10:56
Nº Rexistro: 20858
Data envío: 28/11/2017 10:56:20.203

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo

Deputado do G.P. de En Marea

Carmen Santos Queiruga

Deputada e Voceira S. do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 28/11/2017 10:51:29

Carmen Santos Queiruga na data 28/11/2017 10:51:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 11:31
Nº Rexistro: 20861
Data envío: 28/11/2017 11:31:35.547

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A asistencia sanitaria de A Illa de Arousa ofrécese a través do centro de saúde da localidade, que dispón de tres consultas de facultativos, dúas de enfermería e un pediatra a tempo parcial (compartido co municipio de Ribadumia). O centro de saúde, como infraestrutura, atópase con numerosos déficits de espazo e mantemento, polo que durante moito tempo se reclamou dende o municipio a construción dun centro de saúde novo que dera atención e servizo coa maior calidade posible aos veciños e veciñas de A Illa. A Consellería de Sanidade negou a posibilidade de construción dun novo centro, e limitouse a comprometer unha ampliación e mellora do existente. Non entanto, non se mellorará un aspecto relevante que é a súa situación, compartindo espazo co Instituto Social de la Marina, o que supón algún incordio de organización e funcionamento por ser entidades distintas e administración responsables diferentes. Esta mellora e ampliación aínda non está sendo realizada, a pesares de vir sendo prometida nos últimos tres orzamentos autonómicos.

Durante este proceso, e debido ao interese dos veciños e veciñas, liderado polo Concello de A Illa, púxose a disposición da consellería un terreo dispoñible e libre de cargas para a situación do novo centro de saúde que finalmente a consellería desbotou. O Concello, ao non ser utilizados, pediu a reversión dos terreos mais aínda non recibiu ningunha noticia ao respecto.

Mentres a situación da infraestrutura mellora, continúan os problemas de persoal no centro. Este verán o centro xa permaneceu durante un mes con un facultativo menos, xa que a Consellería de Sanidade deixou

sen cubrir unhas vacacións. Na época estival A Illa convértese nun polo referente de atracción de visitantes, o que aumenta a problemática xurdida pola non cobertura das ausencias de facultativos como se puido ver neste pasado verán coa saturación do centro e as demoras nas citas. O problema, lonxe de resolverse, continúa pois non existen garantías de cobertura dos profesionais por vacacións ou baixas, o que merma claramente a calidade da asistencia sanitaria dos veciños e veciñas que, ante as dificultades, teñen que optar ás veces por acudir ao PAC de Cambados ou ao Servizo de Urxencias do Hospital do Salnés, o que complica o normal funcionamento destes servizos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. Axilizar os trámites e procedementos para iniciar canto antes as obras de ampliación e mellora do Centro de Saúde de A Illa, co menor prexuízo posible para o funcionamento actual.
2. Realizar os trámites necesarios á maior brevidade para que se produza a reversión dos terreos postos a disposición da Consellería de Sanidade para a situación do centro de saúde que foi desbotado.
3. Garantir a cobertura de baixas e vacacións dos profesionais que traballan no centro de saúde, tendo especial atención na época estival.
4. Avaliar a posibilidade de aumentar, temporalmente, os profesionais no centro de saúde durante a época de verán, debido ao aumento poboacional que existe no concello por ser un referente turístico e de visitantes.

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 11:31
Nº Rexistro: 20861
Data envío: 28/11/2017 11:31:35.547

Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/11/2017 11:25:51

Noela Blanco Rodríguez na data 28/11/2017 11:25:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/11/2017 11:26:02

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:13
Nº Rexistro: 20868
Data envío: 28/11/2017 12:13:03.218

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto a parroquia viguesa de Teis como a redondelana de Chapela víronse afectadas ao longo de décadas por diversas infraestruturas de comunicación que causaron un forte impacto no territorio e na calidade de vida das persoas: vías do ferrocarril, autoestrada AP9, estradas, instalacións portuarias, etc.

Actualmente, esta situación viuse agravada polas obras de ampliación da capacidade da AP9 e da Ponte de Rande, que están a causar graves perxuicios na súa contorna, na que se localizan, na parroquia de Chapela, ademais dun grande número de vivendas, a igrexa e cemiterio parroquial, un centro de saúde e dous centros educativos (o colexio da Igrexa e o Instituto de Chapela). A proximidade das obras de ampliación e da propia autoestrada aos centros escolares está afectando gravemente ao desenvolvemento normal da actividade lectiva. E toda a contorna próxima á autoestrada soporta niveis de ruído que superan os máximos permitidos na lexislación.

No caso do colexio da Igrexa, a afectación das obras de ampliación da autoestrada é de tal magnitude que obrigou á sinatura dun convenio para a construción dun novo centro educativo nas proximidades. Mais a realidade é que o proxecto desta

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:13
Nº Rexistro: 20868
Data envio: 28/11/2017 12:13:03.218

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nova construción avanza a un ritmo moi lento, o que supón incerteza e preocupación para a comunidade educativa. E mentres non se constrúa este novo centro escolar, a actividade lectiva vaise ver fortemente afectada polas obras e pola proximidade dunha vía de alta capacidade e tráfico moi intenso. Esta situación vese agravada polas deficientes condicións de accesibilidade e seguranza viaria que presentan os accesos peonís ao colexio.

Outro dos efectos negativos das obras é á intención de derrubar o edificio onde actualmente ten a sede a oficina de correos, e que tamén fai función de local social para numerosos colectivos da parroquia. Antes de derrubar o edificio habería que procurar unha alternativa para o servicio de correos e para os colectivos veciñais.

Nestes momentos o núcleo central da parroquia de Chapela semella un campo de batalla, con frontes de obra por todas partes. O desenvolvemento dos traballos están a causar fortes molestias debido ao uso de maquinaria pesada para a excavación e explanación dos terreos, o continuo tránsito de camións, afectación ás vivendas polas vibracións, ruídos, etc. E a propia estrada actúa como unha barreira que divide en dous o núcleo urbano de Chapela e dificulta gravemente a mobilidade peonil, a permeabilidade e a accesibilidade. Ademais, o feito de que o treito da AP9 entre Redondela e Vigo se manteña con peaxe ten como consecuencia unha elevada intensidade de tráfico nesta estrada, o que incide moi negativamente na calidade de vida das persoas que viven na súa contorna.

Ademas dos impactos negativos citados, numerosas vivendas e equipamentos públicos das parroquias de Chapela e Teis suportan niveis de contaminación acústica que superan os máximos permitidos na lexislación.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:13
Nº Rexistro: 20868
Data envío: 28/11/2017 12:13:03.218

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parece por tanto lóxico que se a parroquia de Chapela se ve gravemente perxudicada polo trazado e ampliación da autoestrada, teña como contraprestación a mellora da calidade urbana da rede viaria, a transformación desta estrada nunha rúa urbanizada, a mellora da accesibilidade e da seguranza viaria, a ampliación dos espazos públicos e a construción de novos equipamentos sociais e educativos. E cómpre tamén desenvolver medidas de mellora na calidade de vida na parroquia de Teis, como a transformación de vía urbana da AP 9 ou a supresión da peaxe entre Redondela e Vigo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición de lei para o debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Impulsar o Plan Chapela, un plan de actuación integral para a mellora da calidade de vida e a minimización do impacto das infraestruturas na parroquia de Chapela, coas seguintes actuacións

1.1. Demandar do goberno do Estado a transformación da estrada N 552 nunha rúa urbanizada, primando nela a seguranza viaria, a accesibilidade, a mobilidade e permeabilidade peonil.

1.2. Solicitar ao goberno do Estado o mantemento do servizo de correos na ubicación actual mentres non sexa posíbel o seu traslado a outro local na parroquia.

1.3. Axilizar os trámites para a construción do novo centro escolar da Igrexa, de xeito que estea rematado para o inicio do curso 2018-2019.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:13
Nº Rexistro: 20868
Data envio: 28/11/2017 12:13:03.218

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.4. Aprobar a construción dunha escola infantil nos terreos do lugar de Cidadelle onde está prevista a construción do novo colexio da Igrexa.

1.5. Solicitar ao Ministerio de Fomento a suspensión da apertura do carril de acceso á AP 9 en dirección Rande mentres non se faga o traslado do colexio.

1.6. Reclamar ao Ministerio de Fomento é á concesionaria aonstrución dun novo vial entre a Pousadoura e As 4 Pontes, para conectar a Avenida de Vigo (PO 323) coa Avenida de Redondela, para mellorar a mobilidade nesta zona da parroquia.

1.7. Esixir á concesionaria a recuperación de regatos contaminados ou afectados polas obras, así como elementos do patrimonio etnográfico, e estudar a creación de sendas peonis para conectar os núcleos e equipamentos públicos da parroquia

1.8. Demandar ao Ministerio de Fomento e á concesionaria outras actuacións de minimización e compensación do impacto das obras da AP 9:

-acondicionar espazos públicos de centralidade parroquial como o comprendido entre a autoestrada e a igrexa parroquial,

- urbanización de espazos libres derivados das obras de amoliación da autoestrada

- corrixir o impacto dos grandes muros de formigón con pantallas vexetais,

- acondicionamento do camiño que dá acceso ao multiusos e ampliación até Pasán

- reposición do firme e mellora de vais afectados polas obras.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:13
Nº Rexistro: 20868
Data envio: 28/11/2017 12:13:03.218

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Demandar do goberno do Estado a supresión da peaxe da AP 9 no treito entre Redondela e Vigo, para que teña funcionalidade de circunvalación dunha zona urbana densamente poboada como é a de Chapela e Teis.

3. Esixir á concesionaria da autoestrada e responsábel das obras de ampliación a instalación no primeiro semestre de 2018 de sistemas de protección anti-ruído na zona de Chapela e Teis, así como a utilización de pavimentos que reduzan o impacto acústico na contorna."

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2017 11:34:25

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:13
Nº Rexistro: 20868
Data envio: 28/11/2017 12:13:03.218

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2017 11:34:30

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2017 11:34:36

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2017 11:34:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2017 11:34:44

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2017 11:34:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 17:56
Nº Rexistro: 20905
Data envío: 28/11/2017 17:56:36.328

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª.**

Exposición de motivos

Galicia sofre unha alta concentración de gas radón, en gran medida pola súa abundancia de chan granítico. A pesar disto, a Xunta aínda non adoptou as medidas sanitarias e estruturais necesarias para previlo e facerlle fronte. A súa inacción neste eido supón un afronta terrible contra a saúde pública que tería que ser emendada de inmediato.

Dende fai 25 anos, profesores e investigadores galegos levan advertindo acerca dos perigos que entraña este gas. Hoxe sabemos que se trata da segunda causa de cancro de pulmón na nosa terra, só por detrás do tabaco. A mera exposición ao radón pode chegar a duplicar o risco do cancro, se as concentracións superan os 200 Bq/m3. No caso dos non fumadores, sería a primeira causa de morte por esa enfermidade. No peor dos escenarios –cando interactúa o radón co tabaquismo– a probabilidade de desenvolver cancro de pulmón multiplícase por corenta.

A exposición a este gas tóxico tradúcese anualmente en máis de 300 mortes, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística. No ano 2014, morreron en Galicia 1.690 persoas a causa de tumores malignos de esófago, traquea, bronquios ou pulmón. Unha cuarta parte destas defuncións, puideron estar relacionadas coa excesiva exposición ao gas radón.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 17:56
Nº Rexistro: 20905
Data envio: 28/11/2017 17:56:36.328

Segundo o Mapa de Radón de Galicia, elaborado por investigadores da USC, máis da metade da poboación galega atópase en zonas de alto risco por exposición ao gas radón. Así o demostran as máis de 3.500 medicións que se fixeron ao longo do país. 30 das 53 comarcas galegas (isto é, 126 dos 313 municipios) presentan concentracións superiores aos 300 Bq/m3, situándose por enriba do límite fixado pola directiva europea que entrará en vigor o ano próximo. Das catro provincias, Ourense e Pontevedra son as máis prexudicadas. De feito, no caso de Ourense o radón instalouse mesmo no propio concello, tal e como revelaron as medicións levadas a cabo pola USC.

No mes de febreiro –dentro de só tres meses– entrará en vigor unha normativa europea cuxo obxectivo é obrigar aos estados membros a lexislar de tal modo que se minimice a exposición da cidadanía ao gas. España, non obstante, non conta con ningunha normativa elaborada sobre o tema. No caso de Galicia, non temos nin sequera unha normativa que permita reducir as filtracións do gas nas casas e nos edificios públicos. O que sucede no concello de Ourense é consecuencia disto mesmo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Incluír no código de edificación a obriga de tomar medidas contra o gas a nivel construtivo nas zonas de alto risco.
- Levar a cabo labores de prevención do radón en vivendas novas e de mitigación do radón nas vivendas xa existentes.
- Introducir medicións periódicas de radón para avaliar as zonas de risco, así como a eficacia das medias de prevención e mitigación, atendendo, en particular, aos edificios nos que a cidadanía pasa períodos prolongados de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 17:56
Nº Rexistro: 20905
Data envío: 28/11/2017 17:56:36.328

tempo, como son as escolas, as bibliotecas e os edificios de titularidade pública en xeral.

- Formar aos profesionais da construción para que cobren consciencia dos riscos do radón e executen de maneira óptima as medidas de prevención e mitigación do radón.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 28/11/2017 17:41:29

Antón Sánchez García na data 28/11/2017 17:41:38

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:01
Nº Rexistro: 20916
Data envío: 29/11/2017 10:01:20.141

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As especies exóticas son vexetais, animais, fungos e microorganismos que son transportados salvando obstáculos ecolóxicos e que se establecen en zonas situadas fóra da súa área de distribución natural. Algunhas poden resultar invasoras, (como sucede coa Vespa Velutina), e difúndense rapidamente polo medio natural desprazando especies autóctonas competidoras.

O nivel de expansión acadado este ano 2017 e a presión que está a exercer sobre o equilibrio natural e medioambiental superan con creces tódalas predicións.

Somos conscientes de que aínda segue en período de expansión e adaptación ós diferentes microclimas e espazos naturais do territorio galego. A desaparición ou a acusada redución nas poboacións de polinizadores que depreda a Vespa Velutina, mesmo a diminución de moscas e outros insectos van dándono-la medida do perigo que supón para o equilibrio medioambiental e para as producións agrícolas que serven de base na nosa alimentación.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:01
Nº Rexistro: 20916
Data envío: 29/11/2017 10:01:20.141

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A medida que pasa o tempo, o tártago de patas amarelas continúa coa súa expansión xeográfica e coa súa intensificación poboacional e presión sobre o medio e a Consellería non toma a iniciativa claramente para atalla-lo problema. Parece que cun ..."temos de aprender a convivir con ela"… resume as medidas que está disposta a tomar.

Desde a Plataforma STOP—VELUTINA–GALICIA trasládansenos unha serie de inquedanzas e propostas de medidas que facemos nosas polo acaídas e polo que de coñecemento do problema amosan.

Soamente desde a sensibilización e participación de toda a cidadanía imos ser quen de darlle traza a esta ameaza.

O combate principal sitúase na primavera, no trampeo masivo feito no momento idóneo. Masivo e intensivo en todo o territorio. Idóneo porque vai se-lo capricho meteorolóxico quen marque o momento apropiado para facelo.

Debería ser feito polas consellerías competentes na materia e consistiría na entrega dunhas 50.000 trampas cos seus atraíntes e non só ós apicultores, incluiría tamén ós concellos e ós colexios. Esta nova distribución é fundamental para que o trampeo sexa masivo e efectivo.

Este trampeo require un seguimento que obriga como mínimo a unhas seis visitas a cada unha das trampas ó longo do ano, unha de colocación e cinco de reposición, levando un control de resultados e de cada unha das accións efectuadas.

A segunda medida precisa na loita contra esta especie invasora parte do coñecemento da especie, o seu comportamento neste noso territorio e as súas

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:01
Nº Rexistro: 20916
Data envío: 29/11/2017 10:01:20.141

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debilidades para podermos chegar a métodos de loita biolóxica, a única que nos pode garantir o éxito sen danos ambientais.

Para este labor vai ser necesario unifica-la actividade investigadora e financiala. As investigacións provenientes de organismos públicos contan coa avantaxe que supón a ausencia de lucro económico como obxectivo, o cal é en si unha garantía.

O goberno galego por medio das consellerías implicadas na xestión desta invasión ten o deber de poñe-los medios necesarios para dete-lo avance deste tártago na consciencia que só son medibles a longo prazo. Esta actividade investigadora é fundamental se queremos establecer un plan de loita estable aplicable a longo prazo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

-Impulsar, financiar e coordinar unha campaña primaveral de trampeo masivo coa distribución de 50.000 trampas cos seus 300.000 atraíntes por todo o territorio galego onde a Vespa Velutina teña presencia.

-Dar a maior difusión posible a esta campaña de trampeo para que cidadanía en xeral e os equipos encargados do mesmo e do seu control sexan conscientes da importancia deste labor.

-Abrir liñas de investigación encamiñadas a estuda-lo comportamento deste insecto invasor no noso territorio, os seus mecanismos de adaptación e supervivencia e

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:01
Nº Rexistro: 20916
Data envío: 29/11/2017 10:01:20.141

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

as posibles debilidades que permitan establecer mecanismos de loita biolóxica que sexan respectuosos co medio ambiente."

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2017 19:13:00

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2017 19:13:04

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2017 19:13:06

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2017 19:13:08

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:01
Nº Rexistro: 20916
Data envio: 29/11/2017 10:01:20.141

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2017 19:13:09

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2017 19:13:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 11:09
Nº Rexistro: 20925
Data envío: 29/11/2017 11:09:25.579

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.ª, relativa ao centro de saúde de As Pontes.**

Exposición de motivos

Son moitas as ocasións nas que temos denunciado a situacións de deficiencias estruturais de centros de saúde espallados por toda Galicia. Deficiencias que lonxe de seren atendidas pola Xunta de Galicia, na maior parte dos casos acumulan un deterioro de anos que cada vez fai o problema maior.

A este problema de abandono de moitas dependencias da atención primaria súmase o recorte de persoal efectuado durante os últimos anos, que xa non se cingue ao relativo á amortización de prazas públicas, se non á ausencia de cobertura das ausencias dos e das profesionais por motivos vacacionais, de permisos ou de enfermidade.

O centro de saúde das Pontes non é alleo a estas circunstancias.

Durante o pasado verán, a inexistente cobertura de dúas ausencias do cadro médico causou inaceptables demoras de ata vinte días para as consultas ordinarias, situación que se mantivo durante un par de meses.

Por outra banda a problemática relativa á non correcta cobertura do permiso por maternidade da pediatra do centro, deixou desprotexidas e desprotexidos en canto ao dereito á saúde ás nenas e nenos da vila.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 11:09
Nº Rexistro: 20925
Data envío: 29/11/2017 11:09:25.579

A todo isto sumamos unha reclamación que ven de longo: a necesidade de dotar dun aparello de raios X e persoal para manexalo que permita aliviar os desprazamentos a Ferrol tanto coma proba diagnóstica de consultas coma de urxencias médicas no PAC situado no centro.

Ademais, as dependencias, contan con deficiencias que deben ser reparadas canto antes para evitar o seu deterioro. Trátase fundamentalmente da cuberta do edificio, de tella, e que agora mesmo supón un perigo para as persoas viandantes ao desprendérense as mesmas. Pero tamén un problema polo centro, foco de humidades ao traverso deste tellado.

Ante estes feitos, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.-Substituir as ausencias do persoal para poder evitar demoras nas consultas sempre que estas se produzan.

2.- Dotar ao centro dun aparello de raios X e persoal sanitario para traballar co mesmo.

3.- Arranxar as deficiencias estruturais do centro, fundamentalmente no que atinxe á cuberta do mesmo.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

Asdo.: Eva Solla Fernández, Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira, Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 11:09
Nº Rexistro: 20925
Data envío: 29/11/2017 11:09:25.579

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/11/2017 11:05:07

Luis Villares Naveira na data 29/11/2017 11:05:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20947
Data envío: 29/11/2017 15:44:14.407

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª.**

Exposición de motivos

O alcalde do PP de Baiona segue empeñado en plantar unha área deportiva nos montes comunais de Baredo en contra da opinión dos veciños e veciñas da parroquia de Baredo, os principais afectados polas obras.

A veciñanza leva tempo advertindo de como o complexo deportivo deterioraría a súa rede de subministro de auga. O subministro depende de vinte mananciais que se atopan na área. Se fora construída enriba unha instalación como a proxectada, os agroquímicos empregados para o seu mantemento filtraríanse as augas superficiais e a terra, contaminando o lugar e afectando moi negativamente á flora, á fauna e a gandería. Isto por non subliñar que os veciños e veciñas non terían xeito de abastecerse de auga salubre, xa que Baredo non está conectada a traída municipal.

Agora, os Técnicos da Xunta acaban de darlle a razón á veciñanza: o proxecto carece de garantías ambientais. Non aporta ningunha información sobre os contaminantes que, con absoluta certeza, serían empregados na instalación, de tal xeito que é imposible facer una análise do impacto que terían. Tampouco fala doutros efectos como o ruído ou o posible deterioro do chan.

Ademais, o campo de golf proxectado non garante o seu propio subministro sen recorrer aos acuíferos da contorna. Polo tanto, o proxecto minguaría os recursos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20947
Data envío: 29/11/2017 15:44:14.407

hídricos da cidadanía, algo inaceptable nun período de seca extrema como o actual.

No que respecta ao saneamento do complexo deportivo, realizaríase a través da rede xeral de Baiona, pero aínda non se sabe sequera se os caudais de produción se axustarían ás dimensións e a capacidade do sistema de tratamento de augas fecais.

En resumo, o informe da Xunta ratifica a opinión dos veciños. A área deportiva e o campo de golf non só carecen de garantías ambientais, senón que ademais supoñen un risco manifesto para o espazo natural e a saúde das persoas.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que impida a construción da área deportiva e o campo de golf en Baredo, en coherencia co informe emitido polos técnicos da Xunta.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro s. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20947
Data envío: 29/11/2017 15:44:14.407

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/11/2017 14:07:04

Antón Sánchez García na data 29/11/2017 14:07:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:49
Nº Rexistro: 20959
Data envío: 29/11/2017 16:49:58.891

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, do deputado **Raúl Fernández Fernández** e das deputadas **Patricia Vilán Lorenzo** e **María Luisa Pierres López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

A eficiencia das infraestruturas e a loxística é un factor relevante para a competitividade dos territorios e, polo tanto, para atracción das empresas cos mesmos e a capacidade de competir eficazmente das xa existentes.

A combinación dos nodos ferroviarios e marítimos produce un sistema de transporte de mercadorías máis sostible, e, en determinadas circunstancias, máis eficiente.

Galicia e, en xeral, o Noroeste da Península Ibérica, arrastra unha notable desvantaxe no acceso a este modo combinado de transporte, o que afecta á súa prosperidade económica actual e futura.

Para favorecer a conectividade co resto da península e, máis aló, co resto de Europa, cumpre redefinir o Corredor Atlántico de Mercadorías, dentro da rede europea TEN-T, de xeito conxunto con outras comunidades autónomas españolas.

En concreto, utilizar a revisión en 2018 da regulación do mecanismo CEF (Connecting European Facility; Mecanismo Conectar Europa) para definir os trazados da rede básica, incorporando a conexión entre os portos galegos e asturianos co actual trazado do corredor.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:49
Nº Rexistro: 20959
Data envio: 29/11/2017 16:49:58.891

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Defender a integración da conexión ferroviaria para o transporte de mercancías entre os portos galegos de interese xeral e na rede europea TEN-T, redeseñando o trazado do Corredor Atlántico de mercadorías (rede básica).
2. Demandar do Goberno de España a defender nas instancias europeas a redefinición da rede básica para incluír a conexión ferroviaria dos portos co Corredor Atlántico, vía Monforte, León e Palencia.
3. Procurar a colaboración doutras comunidades autónomas, concellos e deputacións provinciais afectadas para facer avanzar esta proposta.
4. Establecer o ano 2018 como referencia para acadar este obxectivo.
5. Trasladar esta demanda á Comisión Europea, ao Parlamento Europeo, ao Consello Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións.

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:49
Nº Rexistro: 20959
Data envio: 29/11/2017 16:49:58.891

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2017 16:43:06

Raúl Fernández Fernández na data 29/11/2017 16:43:13

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/11/2017 16:43:19

María Luisa Pierres López na data 29/11/2017 16:43:26

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 18:23
Nº Rexistro: 20970
Data envio: 29/11/2017 18:23:08.141

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da avespa velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e principalmente na poboación de abellas melíferas.

Desde a súa aterraxe no continente europeo en 2004 a progresión expansiva desta especie acabou por achegala ao norte peninsular no ano 2010 e pouco tempo despois, entre 2012\13, empezaron a detectarse na Galicia costeira. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión esta especie comezou a tomar carta de natureza nos concellos costeiros desde os que se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade.

As características desta especie foránea, substanciadas nun gran tamaño e agresividade, convértena nunha depredadora da "apis mellifera", a produtora de mel e polinizadora, causando un gran número de baixas nas colmeas coa conseguinte alarma entre os apicultores galegos que se vén desbordados por esta continxencia, e poñendo en perigo non só unha relevante e crecente actividade socieconómica senón tamén as posibilidades da adecuada polinización.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de velutina pasan pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais na fauna e na flora.

As condicións climatolóxicas deste inverno-primavera de 2017 están a ser especialmente favorables para a expansión desta especie tan daniña para as abellas produtoras de mel. A ausencia de frío non reduciu a actividade de moitos niños de velutina nin reduciu o número de reinas procreadoras como viña

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 18:23
Nº Rexistro: 20970
Data envio: 29/11/2017 18:23:08.141

sucedendo nos derradeiros anos polo cal os apicultores están temendo un repunte da actividade da velutina.

Por estas razóns é imprescindible redobrar e canalizar adecuadamente os esforzos para loitar con efectividade contra esta praga:

a) O trampeo masivo deberá comezar no mes de febreiro, a máis tardar, cando as temperaturas aumenten e débese comezar polas zonas máis cálidas da comunidade autónoma e ir avanzando progresivamente cara ao resto de Galicia.

b) A potenciación da investigación é imprescindible, tanto para coñecer adecuadamente os comportamentos e características da velutina como para atopar as fórmulas adecuadas coas que combatela.

c) O combate dunha praga coas características da velutina require unificar esforzos e contar coa participación dos axentes implicados nesta loita, por esta razón entendemos que a presenza e integración do tecido asociativo apícola galego é de gran interese para atopar as mellores fórmulas de extinción e control da praga.

d) Coñecer as características da praga por parte da poboación implica unha labor de divulgación que debe ir desde os centros de ensino ata a poboación en xeral. Por outro lado, o coñecemento das características da velutina, comportamentos individuais e colectivos, particularidades de niños e todo aquilo que supón un coñecemento certeiro desta praga é fundamental para as persoas que teñen a misión de extinguila de aí que a formación específica do persoal que ten que eliminala é tan fundamental como necesaria.

e) Outra das liñas de actuación fundamentais é a loita preventiva a levar adiante antes do verán para evitar un incremento do número de niños primarios para axudar no control de individuos.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 18:23
Nº Rexistro: 20970
Data envio: 29/11/2017 18:23:08.141

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Comezar o trampeo en tempo; de febreiro a abril nas zonas máis cálidas e de marzo a maio no resto da comunidade.

2º) Afrontar o custe da compra de 50.000 trampas, máis o atraente necesario para que este mecanismo sexa efectivo.

3º) Facer unha campaña informativa e divulgativa de como utilizar os medios para a erradicación deste insecto.

4º) Establecer quen ou os que deben colocar as trampas para realizar o trampeo masivo.

5º) Dotar unha partida orzamentaria suficiente para profundar na investigación co fin de atopar e/ou mellorar os sistemas de erradicación desta especie.

6º) Establecer axudas directas para facerlle fronte aos danos causados pola avespa asiática na cabana apícola.

7º) Abrir a comisión de seguimento aos representantes do sector apícola.

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/11/2017 17:50:34

José Antonio Quiroga Díaz na data 29/11/2017 17:50:43

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 18:23
Nº Rexistro: 20970
Data envio: 29/11/2017 18:23:08.141

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2017 17:50:56

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:10
Nº Rexistro: 21002
Data envío: 30/11/2017 17:10:46.683

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª**, relativa ao traslado da locomotora "Sarita" ao seu emprazamento orixinal.

Trátase dunha locomotora histórica, fabricada en 1880 en Leeds pola Hunslet Engine Company, por encargo da compañía ferroviaria portuguesa "Beira Alta". Para, en 1886, ser regalada a John Trulok para que a usara como vehículo de recoñecemento das obras que se estaban a realizar. Será nese momento cando a rebautice co nome de Sar e a sitúe na estación de Carril en Vilagarcía. Porén, á morte de Trulock en 1919 a locomotora acabarase reintegrando na rede de ferrocarrís española.

A última viaxe da "Sar", empregando os seus propios medios, foi realizado de Vigo a Vilagarcía para ser exposta na Edición de 1968 na Feira Exposición de Galicia.

Logo, esta importante peza do ferrocarril de Galicia, foi depositada na estación de Madrid Delicias en 1979 para formar parte da colección do Museo Nacional do Ferrocarril. Alí permanecería ata 1990, ano no que foi cedida á Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia, onde se atopa actualmente, nun importante estado de abandono.

Tendo en conta a vinculación clara entre a locomotora e Vilagarcía, concello que dispuxo da primeira estación de ferrocarril de Galicia, e que nel se empraza o Museo do Ferrocarril, máxime unha vez que a mencionada Fundación pasou a mans públicas non debería haber motivo algún para que a locomotora continuara en Padrón.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:10
Nº Rexistro: 21002
Data envío: 30/11/2017 17:10:46.683

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Levar a cabo as medidas necesarias para que a locomotora coñecida como "Sarita" volva ao seu emprazamento orixinal, a antiga instalación de Ferrocarril de Vilagarcía, hoxe en día Museo do Ferrocarril.
- Proceder á súa inmediata restauración para que axude a dar a coñecer o pasado ferroviario de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/11/2017 16:59:40

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/11/2017 17:00:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:10
Nº Rexistro: 21002
Data envio: 30/11/2017 17:10:46.683

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luis Villares Naveira na data 30/11/2017 17:01:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:47
Nº Rexistro: 21007
Data envío: 30/11/2017 17:47:45.332

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª**, sobre a vespa velutina.

Exposición de Motivos.

Como xa trasladamos noutras iniciativas presentadas, a vespa velutina nigrithorax, coñecida tamén como "tartago asiático" é unha especie invasora que leva instalada en Galicia dende o ano 2012 e que está a provocar numerosos efectos perxudiciais.

Representa unha clara ameaza cara a biodiversidade xa que despraza as especies autóctonas e provoca grandes danos. A situación vai empeorando a medida que pasa o tempo e temos que buscar medidas con carácter urxente, xa que, a situación actual non admite maior demora. Precisamos de todos os medios e recursos para frear o avance da vespa asiática.

A prevención debe ser unha das prioridades nesta loita e ademais é fundamental que todos os organismos estean coordinados e teñan un único espazo para pór en marcha as medidas precisas.

Enmarcada no ámbito da prevención, debemos impulsar máis decididamente a investigación. Temos que coñecer mellor a especie, o seu ciclo biolóxico, alimentación, comportamento e expansión para ter ferramentas máis útiles para

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:47
Nº Rexistro: 21007
Data envio: 30/11/2017 17:47:45.332

crear mecanismos de control, especialmente de loita biolóxica. É preciso ademais desenvolver estudos sobre o seu impacto nas colonias de abellas e no sector apícola, sobre novos métodos de contención e realizar unha avaliación da incidencia real da velutina nos sectores agrícolas e forestais.

En todas as épocas do ano debemos prestar especial atención a divulgación social e a formación de todas as persoas que participan no proceso de control da vespa, para o que resulta fundamental contar co conxunto da sociedade, posto que todavía existe moita desinformación, por exemplo, na distinción da especie vespa velutina doutro tipo de véspidos ibéricos, autóctonos.

Resulta imprescindible polo tanto incrementar a formación do persoal das asociacións de apicultores, das persoas das administracións competentes na xestion da problemática, dos axentes de medio rural, axentes forestais e de medio ambiente. Pensamos que é fundamental a coordinación entre os distintos actores implicados na loita contra esta especie e a procura de financiamento público para desenvolver novos estudos e investigacións sobre a vespa velutina e o seu impacto.

Asímesmo, ten que potenciarse o emprego e a extensión de trampas, que teñen demostrado a súa eficacia, polo que é necesario por en marcha un plan de trampeo primaveral masivo para a captura de raíñas fundadoras evitando así con cada captura a aparición dun niño secundario no verán, que pode conter entre 15.000 e 18.000 insectos de vespa velutina.

O trampeo ha de ser masivo para ser eficaz. Por isto hai que estendelo a zonas periurbanas e núcleos de poboación. E unha ferramenta preventiva que conta co respaldo de investigadores/as españoles e europeos como medida de control de poboacional, para reducir nun curto prazo o número de vespa velutina. As administracións públicas, tanto a Xunta coma os concellos deben implicarse

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:47
Nº Rexistro: 21007
Data envío: 30/11/2017 17:47:45.332

decididamente nestas tarefas de control empregando o seu persoal dispoñible co obxecto de controlar eficazmente esta especie invasora.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1) Por en marcha un plan de choque para o control poboacional da vespa velutina, para o cal, xa no ano 2018, a Xunta de Galicia realizará as seguintes accións:

a) Efectuar un trampeo masivo e coordinado en primavera, comezando en febreiro e distribuíndo alomenos 50.000 trampas por todos os núcleos de poboación do país, tanto áreas periurbanas como aldeas e vilas, empregando persoal da Xunta como axentes forestais e medioambientais e en coordinación cos concellos.

b) Efectuar un rexistro da colocación das trampas para telas identificadas e facer sondaxes e valoracións posteriores sobre a súa colocación.

c) Facer unha campaña dirixida ao conxunto da sociedade acerca do trampeo, prestando especial atención aos centros educativos, que poden colaborar na labor de prevención.

d) Aprobar unha partida orzamentaria específica para poder financiar esta campaña.

2) Por en marcha de maneira efectiva a comisión de seguimento e incorporar a esta a representantes do tecido asociativo apícola.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:47
Nº Rexistro: 21007
Data envío: 30/11/2017 17:47:45.332

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3) Abrir e potenciar liñas de investigación sobre o control da vespa velutina, atendendo a non duplicar as xa abertas por outras administracións.

4) Por en marcha un programa de formación específico para o persoal implicado no control e na erradicación da praga.

5) Mellorar a coordinación de todos os axentes implicados na loita contra a vespa velutina tanto en Galicia, a través da Comisión de Seguimento, como no conxunto do Estado español.

6) Abrir unha liña de axudas específica para axudar ós apicultores e ás apicultoras a paliar as perdas sufridas, tanto as derivadas da perda física de animais e colleita correlativa de mel, como os gastos derivados da xestión da praga.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 30/11/2017 17:42:39

David Rodríguez Estévez na data 30/11/2017 17:43:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:47
Nº Rexistro: 21007
Data envío: 30/11/2017 17:47:45.332

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luis Villares Naveira na data 30/11/2017 17:43:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:54
Nº Rexistro: 21010
Data envío: 30/11/2017 17:54:10.285

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e deputados, Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Davide Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal, Paula Quinteiro Araújo, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, en relación á derrogación da Lei 1/2012 e a recuperación dos dereitos do persoal laboral da Xunta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A grave crise económica global iniciada en 2007 serviu de escusa aos grandes poderes financeiros internacionais para erosionar, aínda máis, o papel dos Estados.

No marco das contrarreformas neoliberais aplicadas no Estado español especialmente dende 2011, cando se reforma o artigo 135 da Constitución española, dispoñendo que "todas as administracións públicas adecuarán as súas accións ao principio de estabilidade orzamentaria", encorsetando os límites do déficit e da débeda pública, aprobouse no Parlamento de Galicia, cos únicos votos do PP e co rexeitamento unánime das forzas políticas da oposición e dos sindicatos, a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:54
Nº Rexistro: 21010
Data envío: 30/11/2017 17:54:10.285

A Lei 1/2012 remarca, na súa exposición de motivos, que se trata dunha "serie de medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal" e que a vixencia da lei queda "supeditada á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan á sostibilidade das contas públicas".

Dita Lei 1/2012 suspende unilateralmente preceptos contidos no Vº Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia; entre eles, suspéndese "a aplicación do artigo 19, excepto o apartado 1, do Vº Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia", en canto a descansos e libranzas.

Á marxe da opinión de En Marea a respecto do efecto nocivo destas leis para a recuperación económica e, sobre todo, para as condicións materiais da maioría social, e á marxe da gravísima situación social que padece o noso País, a nivel macroeconómico, no ano 2017 o PIB galego recupera as cifras do ano 2008, téndose iniciado en 2014 unha fase alcista do ciclo económico. Sen embargo, a porcentaxe que representan os Orzamentos da Xunta no conxunto do PIB reduciuse dende o 18,4% en 2009 ata o 14,8% en 2018.

O Proxecto de Lei de Orzamentos da Xunta para 2018, en tramitación, indica a continuación da expansión da economía galega, pese á moderación do crecemento do PIB en 2018 con respecto a 2017, mais, a pesares desta constatación, os Orzamentos non medran o que medra o PIB e continúan sen recuperarse os dereitos laborais perdidos polo persoal público durante a crise. A pesares de que a propia Lei/2012 dispuña que "as medidas contempladas" … "serán revisadas nun prazo de dous anos dende a entrada en vigor da mesma, en función da evolución do PIB real de Galicia e do aforro primario dos Orzamentos", pasados case seis anos, a norma continúa vixente.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:54
Nº Rexistro: 21010
Data envío: 30/11/2017 17:54:10.285

As consecuencias da suspensión de dereitos laborais do persoal da Xunta – especialmente do artigo 19 do Vº Convenio - repercuten directamente sobre a saúde laboral do mesmo e sobre a calidade dos servizos públicos, en contra do criterio da propia Lei 1/2012, que se refire a que a adopción das medidas contempladas na mesma non pode "menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais".

O recorte do dereito a descanso do persoal laboral lesiona as posibilidades de conciliación, orixina stress e aumenta a accidentabilidade laboral. No caso da Consellería de Política Social, na que as carteleiras de traballo nos distintos centros están moi axustadas, case a metade dos accidentes laborais na Xunta nos últimos anos se deben ao "sobreesforzo" (en 2017, o 41% dos accidentes con baixa laboral na Xunta se deberon a esta causa), tendo unha relación clara coa falta de persoal adecuado ás tarefas que se desempeñan nos distintos centros e coa falta de descanso, sobre todo en traballos que se realizan en quendas (consellerías de Política Social, Medio Rural e Medio Ambiente). As situacións máis graves prodúcense nos centros de maiores, tanto pola integración nos mesmos de persoas con trastornos psiquiátricos como pola tardanza na valoración do grao de dependencia en moitas persoas residentes. Deste xeito, as rateos non son reais, non se cobren as baixas e o persoal – maioritariamente feminino e cada vez máis envellecido – traballa baixo mínimos.

Téndose recuperado o PIB non é tolerable o mantemento de recortes de dereitos ao persoal público e, en ningún caso, é admisible a precariedade na prestación de servizos públicos esenciais por parte da Xunta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta seguinte Proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:54
Nº Rexistro: 21010
Data envío: 30/11/2017 17:54:10.285

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar os seguintes acordos:

1. Deixar sen efecto a suspensión do Vº Convenio Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

2. Derrogar a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 30/11/2017 17:51:30

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/11/2017 17:51:39

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/11/2017 17:51:45

Carmen Santos Queiruga na data 30/11/2017 17:51:48

Antón Sánchez García na data 30/11/2017 17:51:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:54
Nº Rexistro: 21010
Data envio: 30/11/2017 17:54:10.285

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Eva Solla Fernández na data 30/11/2017 17:51:56

Luca Chao Pérez na data 30/11/2017 17:52:00

Paula Quinteiro Araújo na data 30/11/2017 17:52:04

Luis Villares Naveira na data 30/11/2017 17:52:08

Magdalena Barahona Martín na data 30/11/2017 17:52:11

José Manuel Lago Peñas na data 30/11/2017 17:52:14

Francisco Casal Vidal na data 30/11/2017 17:52:18

David Rodríguez Estévez na data 30/11/2017 17:52:21

Marcos Cal Ogando na data 30/11/2017 17:52:25

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21015
Data envío: 30/11/2017 18:15:13.926

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a venda de predios con patrimonio arqueolóxico e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para que lle sexa cedida a titularidade de parcelas con bens patrimoniais procedentes de concentración parcelaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que o Goberno español comunicase a paralización da poxa do predio no que se atopa o xacemento arqueolóxico de Pena Grande, no Concello de Vilalba, como resultado da mobilización política e social, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que a administración pública, principalmente a Xunta de Galiza, mais non só, debe asumir a súa competencia exclusiva sobre o patrimonio galego (artigo 2 da Lei 5/2016) garantindo a protección e conservación do mesmo e introducir os mecanismos que sexan precisos para evitar que algo semellante volva acontecer.

Así as cousas, cómpre sinalar que noutro lote da mesma poxa prevista polo Ministerio de Hacienda para o 15 de decembro de 2017 en Lugo, inclúese un outro predio situado "dentro do ámbito de respecto estabelecido no PXOM de Castroverde para o Castro de Saceda". Trátase do Lote número 7 correspondente ao Expediente 2017 027 00066, localizado no Concello de Castroverde.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21015
Data envío: 30/11/2017 18:15:13.926

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, debemos subliñar que o xacemento arqueolóxico de Pena Grande (Vilalba) saíu a poxa en tres ocasións antes de se suspender a súa venda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza acorda instar a Xunta a adoptar con urxencia as medidas oportunas para que lle sexa cedida a titularidade daquelas propiedades que posúen bens patrimoniais e que resulten en mans do Ministerio de Hacienda español despois da concentración parcelaria."

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21015
Data envío: 30/11/2017 18:15:13.926

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2017 18:13:41

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2017 18:13:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/11/2017 18:13:50

Noa Presas Bergantiños na data 30/11/2017 18:13:51

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2017 18:13:53

Ana Pontón Mondelo na data 30/11/2017 18:13:59

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21017
Data envío: 30/11/2017 18:15:29.785

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a venda de predios con patrimonio arqueolóxico e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para que lle sexa cedida a titularidade de parcelas con bens patrimoniais procedentes de concentración parcelaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que o Goberno español comunicase a paralización da poxa do predio no que se atopa o xacemento arqueolóxico de Pena Grande, no Concello de Vilalba, como resultado da mobilización política e social, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que a administración pública, principalmente a Xunta de Galiza, mais non só, debe asumir a súa competencia exclusiva sobre o patrimonio galego (artigo 2 da Lei 5/2016) garantindo a protección e conservación do mesmo e introducir os mecanismos que sexan precisos para evitar que algo semellante volva acontecer.

Así as cousas, cómpre sinalar que noutro lote da mesma poxa prevista polo Ministerio de Hacienda para o 15 de decembro de 2017 en Lugo, inclúese un outro predio situado "dentro do ámbito de respecto estabelecido no PXOM de Castroverde para o Castro de Saceda". Trátase do Lote número 7 correspondente ao Expediente 2017 027 00066, localizado no Concello de Castroverde.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21017
Data envío: 30/11/2017 18:15:29.785

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, debemos subliñar que o xacemento arqueolóxico de Pena Grande (Vilalba) saíu a poxa en tres ocasións antes de se suspender a súa venda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a incoar o expediente para a catalogación do xacemento arqueolóxico de Pena Grande, no Concello de Vilalba, como Ben de Interese Cultural."

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21017
Data envio: 30/11/2017 18:15:29.785

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2017 18:14:20

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2017 18:14:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/11/2017 18:14:27

Noa Presas Bergantiños na data 30/11/2017 18:14:31

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2017 18:14:35

Ana Pontón Mondelo na data 30/11/2017 18:14:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:28
Nº Rexistro: 21022
Data envío: 30/11/2017 18:28:00.832

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Partido dos Socialistas de Galicia

A Asociación Camiño dos Faros vén de manifestar publicamente o seu malestar pola denominación "Ruta dos Faros" utilizada polos GALP (Grupos Acción Local Sector Pesqueiro).

Camiño dos Faros, ten como obxectivo a promoción da Costa da Morte, existe dende hai 5 anos. Iniciou a súa actividade, e tras darse a coñecer a través das redes sociais, comezaron un movemento social que chega ata hoxe en día promocionando unha ruta das máis espectaculares que existen en Europa, sen apenas recursos, co traballo voluntario de centos de persoas, poñéndoa no circuíto de rutas de sendeirismo e atraendo a xentes de todo o mundo. Un traballo altruísta dunha sociedade que quere á súa terra e llela quere ensinar a todo o mundo.

Na actualidade o Camiño dos Faros (tamén coñecido como Ruta dos Faros) está presente e é coñecida no ambiente dos camiñantes europeos, co cal é difícil comprender, como os GALP crean unha "Ruta dos Faros de Galicia", que percorrerá en coche todos os faros de Ribadeo ata Tui, e que foi presentada con toda pomposidade en Santiago.

Trátase dunha marca que causa confusión co proxecto xa existente de Camiño dos Faros. Así, de feito, se facemos unha procura en Google do termo "Ruta dos Faros" xa indica claramente quen é coñecido en toda Europa con ese nome.

A propia Deputación da Coruña e a Asociación do Camiño dos Faros asinaron un convenio polo que a institución provincial financiará a homologación da ruta, que se converterá en senda de gran percorrido.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:28
Nº Rexistro: 21022
Data envio: 30/11/2017 18:28:00.832

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar as cabo as xestións necesarias para que con carácter inmediato se proceda a modificar a denominación da "Ruta dos Faros" xa que crea confusión coa existente "Camiño dos Faros".

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 30/11/2017 18:25:03

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/11/2017 18:25:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/11/2017 18:25:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/11/2017 18:25:33

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
0 4 DEC. 2017
Núm. 21068

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 DEC. 2017
SAIDA
Num. 891

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia e a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- da directora xeral de Comercio e Consumo para informar **"sobre impulso de novos formatos comerciais".**

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 04/12/2017 08:45:12

Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia

Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727